

# **Programación didáctica**

## **Lingua castelá e Literatura**

**Curso 2015/16**

**IES *Castro de  
Baronceli***



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Curso académico 2015/16

Departamento de  
Lingua castelá e literatura

**Programación didáctica**  
**Lingua Castelá e Literatura**  
**1º de ESO**

# Índice

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis
3. Obxectivos para Lingua Castelá e Literatura
4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis
5. Concrecións metodolóxicas da materia
6. Materiais e recursos didácticos
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes
10. Plan de seguimento do alumnado repetidor
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
12. Medidas de atención á diversidade
13. Concreción dos elementos transversais
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora
16. Accións de contribución ao proxecto lector
17. Accións de contribución ao plan TIC
18. Accións de contribución ao plan de convivencia

## 1. Introducción e contextualización

Esta é a programación de Lingua Castelá e Literatura de 1º de ESO para o ano académico 2015/16, que será impartida no IES *Castro de Baronceli*. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desenvolven determinadas disposicións relativas al exercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

O IES *Castro de Baranceli* conta durante este curso con 34 docentes para 130 alumnos, de procedencia eminentemente rural.

Lingua Castelá e Literatura de 1º de ESO organízase en dous grupos de 17 e 16 alumnos cada un, e será impartida por José Luis Salgado Fariñas. Pertence ao bloque de materias troncais e correspóndenlle 4 horas semanais.

Ademáis, o curso contará cun Reforzo de lingua, dunha hora semanal, asignatura de libre elección do centro.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

a) Comunicación lingüística (CCL): adquisición de destrezas que permitan ao alumno/a interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos da súa vida presente e futura, reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estuda e coñece, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): coñecemento dos sistemas e o modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación e uso efectivo de variadas fontes de consulta en formatos diversos, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas relacionadas coa lingua e para enriquecer o propio vocabulario.

c) Competencia dixital (CD): adquisición dos coñecementos para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información atendendo ás distintas finalidades.

d) Aprender a aprender (CAA): perfeccionamento da lectura comprensiva, organización das ideas mediante resumos e esquemas, interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios e valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento persoal.

e) Competencias sociais e cívicas (CSC): comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís e a adquisición de destrezas que faciliten a comunicación cos demais e o respecto cara os saberes e referencias culturais.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): intervención en actos comunicativos orais valorando a propia participación, planificación correcta de textos escritos e análise e control dos propios sentimentos grazas á escritura.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC): creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas, dándolle especial importancia á literatura.

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor

## 3. Obxectivos para Lingua Castelá e Literatura

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. A partir dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, establécense os seguintes:

- a) Comprender discursos orais e escritos sinxelos (narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, noticias do xornal...) nos contextos da actividade social, cultural e académica, extraendo a idea xeral e a intención comunicativa.
- b) Producir textos sinxelos (narrativos, descritivos e noticias), a partir dun guión previo, de feitos relacionados coa experiencia, presentándoos de forma secuenciada e clara.
- c) Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta, adoptando unha actitude respectuosa e cooperativa.
- d) Compoñer textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado (cartas, notas,...) e tamén textos propios do ámbito académico (resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións) que faciliten a asimilación de información.
- e) Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- f) Coñecer e valorar o uso das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- g) Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación (a través das TIC e a biblioteca, especialmente) para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- h) Elaborar proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- i) Coñecer de forma xeral a diversidade lingüística e a distribución xeográfica das linguas de España, valorándoas como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.
- j) Recoñecer as diferencias entre os usos coloquiais e formais da lingua, especialmente os propios do ámbito escolar.
- k) Recoñecer as distintas categorías gramaticais, entendendo a súa forma, significado e función.
- l) Comprender a terminoloxía gramatical e sintáctica básica.
- m) Coñecer e utilizar procedementos básicos para compoñer enunciados con cohesión, coherencia e adecuación á situación comunicativa.
- n) Identificar e diferenciar de forma xeral os diferentes xéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- o) Iniciarse na lectura e no estudo inicial da literatura e facer da actividade lectora unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- p) Iniciarse no uso de dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de texto.
- q) Reflexionar de forma crítica con respecto ás actitudes e prexucios discriminatorios.

#### 4. Estándares de aprendizaxe avaliábeis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

- 1: En vías de adquisición.
- 2: Adquirido.
- 3: Avanzado.
- 4: Excelente.

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</li> </ul>	Todo o curso	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</li> </ul>	Todo o curso	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.</li> </ul>	Todo o curso	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de</li> </ul>	1º trimestre Unidade 1	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	comunicación.				

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>	Todo o curso	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</li> </ul>	Todo o curso	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.3. Coñece o</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.			(selección de lectura) ▪ Observación na aula	
▪ B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	Todo o curso	2	▪ Control de lecturas ▪ Exames escritos ▪ Observación na aula	▪ CSIE
▪ B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	▪ LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	Todo o curso	2	▪ Observación na aula	▪ CCL
	▪ LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	Todo o curso	2	▪ Observación na aula	▪ CCL
	▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	Todo o curso	2	▪ Observación na aula	▪ CMCCT ▪ CD

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. Coñecemento da lingua					
▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	Todo o curso	2	▪ Exames escritos ▪ Observación na aula ▪ Control de lecturas	▪ CCL
	▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	Todo o curso	2	▪ Exames escritos ▪ Observación na aula	▪ CCL



Crterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</li> </ul>	3º trimestre Unidade 7	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Exames escritos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</li> </ul>	3º trimestre Unidade 6	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> </ul>	1º trimestre Unidade 1	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	3º trimestre Unidade 3 de Literatura	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>	3º trimestre	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Educación literaria					
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</li> </ul>	2º trimestre Unidade 3 de Literatura	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	2º e 3º trimestre Unidades 2-4 de Literatura	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</li> </ul>	2º e 3º trimestre Unidades 2-4 de Literatura	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CSIE</li> </ul>

## 5. Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes. O enfoque metodolóxico susténtase en “situacións de aprendizaxe”, que incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A metodoloxía que imos levar a cabo caracterízase por:

- Atender ás diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo.
- Utilizar os métodos indutivo/análítico unhas veces e outras, o dedutivo/sintético, segundo sexa conveniente, ir do concreto ao xeral ou do xeral ao concreto, sempre tendo en conta as características da materia a tratar.

- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrutivo, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos descontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, formularios, follas informativas, convocatorias e anuncios, mapas semánticos, mapas conceptuais...).

- Utilizar as seguintes estratexias lectoras:

- ☞ Antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler).

- ☞ Durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto).

- ☞ Despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).

- Utilización das novas tecnoloxías das que dispón o centro: aula de informática, biblioteca informatizada, canóns de vídeo, DVDs..., así como o ordenador da aula para achegar o noso alumnado tamén desde o medio educativo aos novos tempos tecnolóxicos.

## 6. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos que empregará o departamento de Lingua castelá e literatura no grupo de 1º de ESO son os seguintes:

- ⑩ **Libro de texto:** *Lengua castellana y literatura. 1ºESO*. Editorial Santillana.

- ⑩ **Caderno de traballo:** o alumnado terá que presentar e realizar todas as tarefas diarias (agás aquelas que teñan que ser entregadas) no seu caderno, único para a materia.

- ⑩ **Lecturas obrigatorias:** 5 lecturas obrigatorias anuais.

- ⑩ **Dicionarios de aula:** dicionarios lexicográficos, de sinónimos e antónimos, etc.

- ⑩ **Recursos informáticos:** ordenador de aula con acceso a internet, con reprodutor DVD, canón, pantalla e equipo de son.

## 7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina. Para este curso poden extraerse da táboa do apartado 4.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

○ *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada;

○ en segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ó longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,

○ e, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Seguirase a avaliación a través de varios mecanismos ou procedementos:

⑩ **Observación na aula** das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual.

⑩ Realizaranse **probos orais ou escritas**, individuais ou colectivas.

⑩ Terase en conta a posibilidade da **autoavaliación e co-avaliación** para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia.

Cómpre poñer especial coidado na *recollida de datos* que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Resultará necesario reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións (referidas aos bloques de contidos do currículo), pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, a actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral, e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas, ao mesmo nivel cós conceptos e os procedementos.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

En cada trimestre a nota final da avaliación terá en conta:

70% - Exames escritos ou orais.

20% - Control de lecturas e traballo diario.

10% - Comportamento e actitude.

Exames escritos:

□ Serán alomenos **dous** exames por trimestre.

□ Valorarase especialmente neles o coidado das faltas de ortografía e de acentuación. Coa finalidade de fomentar a atención no alumnado neste aspecto, as faltas serán penalizadas cun desconto de **0.1 puntos** cada unha (no caso de que se repita a palabra coa mesma falta, só se penalizará unha vez).

□ O uso dunha caligrafía non lexible e/ou unha incorrecta presentación nos exames escritos (marxes incorrectos, ausencia de sangrías, falta de limpeza por tachóns...) suporá un desconto de **0,5 puntos** na nota final do mesmo.

□ Todos os exames serán puntuados de 0 a 10 puntos.

#### Control de lecturas e traballo diario:

□ Serán **cinco lecturas**.

□ Serán avaliadas a través de traballos escritos (previo guión de preguntas aportado pola profesora), exames escritos ou exposicións orais.

□ As lecturas serán cualificadas segundo a seguinte táboa de valores:

NP: 0 // MAL: 2 // R-: 3 // R: 4// B-: 5 // B: 6 // NOT-: 7 // NOT: 8 // MB-: 9 // MB: 10

□ As datas de entrega das lecturas quedarán fixadas nos primeiros días de cada trimestre, datas que deberán ser respectadas polo alumnado. No caso de que o alumno/a supere o prazo de entrega acordado, a lectura será cualificada cun NP, o que non exime de que esta sexa entregada ao alumno/a corrixida.

□ As lecturas serán polo profesor.

□ No traballo diario inclúense os exercicios prácticos e teóricos que se realizarán na aula e na casa, así como os exercicios de redacción. Cando non sexan realizados o alumnado terá un negativo que computará como 0,25 puntos menos dentro do 10% deste apartado.

#### Comportamento e actitude:

□ No referente ao comportamento, partimos da base de que o bo comportamento non se premia, xa que debe ser a norma, e o que se castiga é o mal comportamento, a excepción á norma. Entenderase por mal comportamento: as interrupcións as explicacións do docente, as chamadas de atención a un alumno/a por estar a falar cun compañeiro ou mal sentado; as faltas de respecto entre compañeiros; as faltas de respecto ao profesor,...

Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu interese e a súa vontade e disposición para corrixir erros.

O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame (ben a través de "chuletas" ou do exame dun compañeiro) terá a avaliación suspensa. Dado que a materia ten unha avaliación continua, se esta situación se dese no terceiro trimestre, o alumno/a tería que recuperar a materia na súa totalidade en setembro.

Contéplase tamén o caso de abandono na materia sempre e cando o alumnado, de forma reiterada, non se acompañe do material preciso na aula (caderno e libro de texto), non faga as tarefas encomendadas ou presente exames en branco ou practicamente en branco. Neste caso o profesor informará ao titor/a e posteriormente poñerase en coñecemento da familia esta situación. As medidas adoptadas co alumnado que presente esta actitude serán decididas na reunión de avaliación correspondente.

Para o alumnado que teña a Lingua castelá pendente será obrigatoria a realización e presentación de traballos durante cada trimestre para obter o dereito aos exames parciais de recuperación da materia que terán lugar nos meses de xaneiro e abril. De non presentar este material, o alumnado terá dereito só á convocatoria oficial de maio.

Dado que a materia de Lingua castelá ten unha avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación da materia ao longo do curso. O alumnado terá que demostrar, a medida que avanza o curso lectivo, que mellora considerablemente as cualificacións iniciais.

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades

## 9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

Non é relevante neste curso.

## 10. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, unha vez recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establecerase un seguimento individualizado, do que será informado o titor.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- ⑩ Informes individualizados do curso anterior.
- ⑩ Cuestionarios escritos iniciais.
- ⑩ Cuestionarios orais breves ao comezo de cada aula, aproveitando que se pasa lista.

- ⑩ Proba de lectura para comprobar a fluidez.
- ⑩ Textos escritos breves sobre os textos lidos e sobre contidos que deberan estar asimilados.
- ⑩ Exame superficial do traballo no caderno individual.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- ⑩ Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- ⑩ Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- ⑩ Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará este curso o día 30 de setembro. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino/aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

## 12. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

Neste curso 2015-16, aínda que neste momento é pouca a información que temos sobre o estado das competencias do novo alumnado que chega ao centro, contamos con medidas de atención de carácter ordinario (a convivencia inclusiva) e medidas de atención de carácter extraordinario, en colaboración co Departamento de Orientación e o profesorado de Pedagogía Terapéutica. Probablemente e a medida que avanza o primeiro trimestre, se establezan reforzos e apoio co profesorado de Pedagogía terapéutica para o alumnado con necesidades específicas.

Deixando de lado casos específicos, podemos sinalar que dentro da aula tamén se considera indispensable unha metodoloxía de seguimento á diversidade. A proposta está baseada en actividades ou técnicas deseñadas e enfocadas á repetición de explicacións; á petición de aclaracións de contidos aos alumnos para comprobar o grado de asimilación dos mesmos; á formulación de preguntas que buscan respostas rápidas; e a actividades de aula para fomentar o traballo en grupos, potenciando así a colaboración directa entre os alumnos, etc.

## 13. Concreción dos elementos transversais

A comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional son contidos transversais que serán traballados de xeito continuo polo departamento a través das actividades escritas e orais que se realicen na aula, ademais de exposicións e ou presentacións.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social serán traballados a través da celebración de datas sinaladas como o 25 de novembro (Día contra a violencia de xénero), o 1 de decembro (Día dos Dereitos humanos) e o 8 de marzo (Día da muller traballadora).

A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade; rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, respecto ao Estado de dereito, respecto e consideración ás vítimas do terrorismo, e prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan

discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero; visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual, todos estes contidos serán traballados polo departamento a través da selección de textos de noticias de actualidade, do visionado de breves vídeos de concienciación e tamén a través da celebración do Día da Paz (30 de xaneiro).

A creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico estará presente en todas e cada unha das actividades que o alumnado realice dentro e fóra da aula, incluíndo ademais a celebración do Día da poesía (24 de febreiro) e o Día do Libro (23 de abril).

A educación e seguridade viaria será abordada a través dunha selección axeitada de textos xornalísticos que incidan na necesidade de cumprir coa normativa cidadá para potenciar e desenvolver un espírito cívico correcto.

#### 14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Ao longo do curso, os alumnos participarán en varias actividades para complementar a súa formación nas que terá unha participación especial o departamento de Lingua Castelá. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- ⑩ Conmemoración do Día da Biblioteca.
- ⑩ Conmemoración do Día da Poesía.
- ⑩ Conmemoración do Día do Libro.
- ⑩ Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.
- ⑩ Participación activa na Romaría das Letras Galegas que se celebrará no centro no mes de maio. O departamento estudará diversas posibilidades: desde obradoiros ou talleres de creación literaria, representacións teatrais, concursos de letras ou exposicións de materiais diversos.
- ⑩ Participación do alumnado en concursos literarios a nivel de centro e/ou a nivel nacional.
- ⑩ Posible saída para asisitir a unha representación teatral.

#### 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica poden extraerse da táboa do apartado 8.

#### 16. Accións de contribución ao proxecto lector

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, **especialmente a comunicación lingüística**, o tratamento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.



Un dos seus obxectivos é a formación de lectores competentes e a consolidación de hábitos de lectura e escritura, pero sabemos que conseguir un **lector competente** é unha tarefa longa e dificultosa que, probablemente, supere no tempo aos cursos de ensinanza obrigatoria. De feito, será un labor que durará toda a vida, sempre e cando se manteña a actividade lectora.

É máis que evidente que a materia de Lingua castelá e Literatura ten unha implicación directa con este proxecto, aínda que este estea deseñado para que sexan todas as materias do currículo as que se impliquen no mesmo. A súa finalidade primeira é que o alumnado descubra todas as posibilidades que a lectura e o seu espacio físico principal nun centro, a biblioteca, lle ofrecen. No caso do departamento de Lingua castelá e literatura a implicación é aínda máis directa posto que a Xefa do departamento pertence ao Equipo de Biblioteca.

O departamento comprométese a:

- ⑩ Usar todo tipo de textos en diferentes soportes: libros, material dixital, revistas, xornais... así como diversos tipos de textos continuos e discontinuos (científicos, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais...).
- ⑩ Traballar a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- ⑩ Traballar a comprensión lectora usando diversas estratexias antes, durante e despois da lectura:
  - ⑩ Ler detidamente os textos
  - ⑩ Facer preguntas ao alumnado para saber se comprenderon o texto
  - ⑩ Analizar o vocabulario
  - ⑩ Activar as ideas previas
  - ⑩ Relacionar o texto lido con outras experiencias
  - ⑩ Desmiuzar cada parágrafo
  - ⑩ Extraer as ideas principais
  - ⑩ Facer resumos, esquemas e mapas conceptuais
- ⑩ Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- ⑩ Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...
  - ⑩ Aprender a escoitar
  - ⑩ Traballar a entoación e vocalización
  - ⑩ Respectar as quendas de palabra
  - ⑩ Respectar as ideas dos demais
  - ⑩ Reflexionar antes de falar
  - ⑩ Expoñer as preguntas con seriedade
  - ⑩ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente

- ⑩ Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- ⑩ Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.
- ⑩ Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométese demasiadas interferencias.
- ⑩ Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

O Proxecto Lector tamén concreta no Plan Anual de Lectura os itinerarios lectores cos que se materializa ao longo do curso a actividade lectora do alumnado. A materia de Lingua castelá evidentemente obriga a unha actividade lectora constante e continua ao longo de todas as sesións co alumnado.

O tempo de dedicación diaria á actividade de lectura no curso de 1º de ESO aproxímase aos 30 minutos, deixando unha marxe de variación polo que respecta á dinámica de cada sesión.

Polo que atinxe ás lecturas establecidas no Itinerario Lector de Lingua Castelá temos:

### Itinerario Lector

Materia: Lingua Castelá e Literatura      Departamento: Lingua Castelá

<b><i>Tipos de lecturas</i></b>	<b><i>Materiais e recursos (indicando para que nivel)</i></b>	<b><i>Espazos</i></b>
Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos	Textos tirados de xornais e revistas	Aula, casa
Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado). Textos literarios	Textos literarios dos autores: fragmentos escollidos, poemas, escenas teatrais, lendas, relatos. Manéxanse páxinas web: <a href="http://amediavoz.com">amediavoz.com</a> <a href="http://www.ciudadseva.com">www.ciudadseva.com</a> <a href="http://www.epdlp.com">www.epdlp.com</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com">http://www.rinconcastellano.com</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com/biblio/relatos/index.html">biblio/relatos/index.html</a> Lectura e audición de poemas: <a href="http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/">http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/</a>	Aula, biblioteca

Lecturas para gozar e compartir (lectura individual, recomendacións...). Textos literarios e informativos	Relatos de Jorge Bucay, Horacio Quiroga, Isabel Allende, Roald Dahl, Agatha Christie, etc.	Aula, casa
Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). Textos literarios	Lecturas obrigatorias: GALLEGO, Laura: <i>El valle de los lobos</i> , AYLLÓN, José Ramón: <i>Vigo es Vivaldi</i> , DAHL, R.: <i>Charlie y la fábrica de chocolate</i> , Antología poética <i>La rosa de los vientos</i> e SHAKESPEARE, W.: <i>Romeo y Julieta</i> (adaptación).	Casa e aula
Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...	Revista <i>Muy Interesante</i> Revista <i>Quo</i> Prensa en castelán a través de Internet	Aula, biblioteca, casa

Forma igualmente parte do Proxecto Lector a realización de traballos adicados á conmemoración do Día do Libro, do Día da Poesía ou a diferentes escritores ou datas relevantes esixe tamén a busca de material bibliográfico diverso, ou ben a través de apoio textual ou soporte informático (uso dos ordenadores e de todo o material dispoñible da biblioteca).

## 17. Accións de contribución ao plan TIC

As novas tecnoloxías son un moderno recurso didáctico dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado. As numerosas posibilidades de aplicación e os diferentes instrumentos informáticos facilitan a súa inclusión no ámbito da ensinanza. A gran vantaxe deste novo recurso é que favorece a motivación dos alumnos xa que está presente na aula e tamén nas súas casas, razón pola que é considerado como un instrumento coñecido e utilizado, non só cunha finalidade didáctica, senón tamén lúdica.

O departamento fará uso deste recurso a través de diferentes vías:

- Revisión e ampliación dos contidos da páxina do departamento. O seguimento tratarase de realizar de forma semanal para que os alumnos poidan estar ao tanto de todo o que sexa relevante para a materia.
- Realización de programas de radio con contidos diversos, centrados fundamentalmente no ámbito literario.
- Elaboración de traballos por parte do alumnado para ser expostos na aula. A súa elaboración poderá ter soporte informático.
- Deseño e elaboración de artigos, entrevistas e creacións literarias con soporte informático para a súa inclusión na revista do instituto por parte do alumnado.

- e) Polo que respecta ao Proxecto Abalar, e despois da experiencia pouca satisfactoria dos tres cursos anteriores, o departamento de Lingua Castelá fará todo o que estea ao seu alcance para aproveitar este recurso educativo na aula.

## 18. Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal e como se recolle no *Plan de convivencia* do centro (aprobado en xuño de 2013), todos os integrantes da comunidade educativa, neste caso o profesorado, debemos ter un compromiso especial para loitar contra todo tipo de violencia escolar mediante a prevención de actos violentos en calquera das súas modalidades. Dita prevención establécese especialmente a través de accións que favorezan a mellora do ambiente socio educativo no centro.

A aula é un dos contextos máis importantes a este nivel e cómpre desenvolver prácticas educativas que favorezan un ambiente baseado no respecto, no diálogo e na empatía, prácticas que levará a cabo este departamento a través do tratamento transversal da educación en valores. De igual modo, a intervención na resolución de conflitos, baseada na cultura da paz, no diálogo e no carácter recuperador, educador e reparador da intervención é unha tarefa igualmente decisiva para loitar contra a violencia escolar, do mesmo xeito que é imprescindible a coordinación entre o profesorado (comunicación directa e inmediata con xefatura de estudos e a dirección do centro), coas familias, con outros organismos e asociacións cos centros adscritos.

Israel Rodríguez Gil

Xefe Dpto. Lingua castelá e Literatura

José Luis Salgado Fariñas

Profesor do Dpto. Lingua Castelá e Literatura



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Curso 2015/16

Departamento de  
Lingua castelá e literatura

**Programación docente**  
**Lingua castelá e literatura**  
**2º de ESO**

# Índice

0. Contextualización
  - 0.1. Docencia de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO
  - 0.2. Alumnado de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO
1. Contribución da área ao logro das competencias básicas
2. Obxectivos do curso
3. Contidos. Temporalización
  - 3.1. Bloque 1. Falar, escoitar e conversar
  - 3.2. Bloque 2. Ler e escribir
  - 3.3. Bloque 3. A educación literaria
  - 3.4. Bloque 4. Coñecemento da lingua
  - 3.5. Unidades didácticas para 2º de ESO
4. Criterios de avaliación
5. Mínimos esixibles para superar a materia
6. Instrumentos e procedementos de avaliación
7. Criterios de cualificación
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial
9. Plans de seguimento das materias pendentes
10. Metodoloxía
11. Materias e recursos
12. Medidas de atención á diversidade
13. Educación en valores
14. Accións de contribución ao proxecto lector
15. Accións de contribución ao Plan TIC
16. Accións de contribución ao plan de convivencia
17. Actividades complementarias e extraescolares
18. Procedemento para avaliar a propia programación

## 1. Contextualización

Esta é a programación de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO para o curso 2015/16, que será impartida no IES *Castro de Baronceli*. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- ⑩ Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO (DOG do 13 de xullo)
- ⑩ Orde de 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da ESO (DOG do 12 de setembro)
- ⑩ Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)
- ⑩ Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).

O IES *Castro de Baronceli* conta durante este curso con 130 alumnos/as e 24 docentes.

### .1.1. Docencia de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO

Israel Rodríguez Gil (xefe do Departamento e con destino definitivo no centro) imparte a docencia de Lingua castelá e literatura nos dous grupos de 2º de ESO (3 horas semanais en cada un).

## **.1.2. Alumnado de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO**

O alumnado de 2º de ESO está formado por dous grupos de 17 e 16 alumnos/as respectivamente. O grupo recibe a docencia na súa aula de referencia.

## **2. Contribución da área ao logro das competencias básicas**

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Ⓢ Adquisición de destrezas que permitan comprender e saber comunicarse nas diferentes situacións que se producen no ámbito social, cultural e académico, facendo uso das fontes de información e dos soportes actuais.
- Ⓢ Uso da lingua como instrumento tanto para a comunicación oral e escrita como para a aprendizaxe e regulación de condutas e emocións.

### **Competencia social e cidadá**

- Ⓢ Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Ⓢ Adquisición de destrezas que faciliten a comunicación cos demais e o respecto cara os saberes e referencias culturais.

### **Competencia no tratamento da información dixital**

- Ⓢ Coñecemento dos sistemas e o modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Ⓢ Adquisición dos coñecementos para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información atendendo ás distintas finalidades.

### **Competencia cultural e artística**

- Ⓢ Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas, dándolle especial importancia á literatura.
- Ⓢ Capacitación para gozar coa lectura.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Ⓢ Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Ⓢ Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Ⓢ Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Ⓢ Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento persoal.

### **Competencia na autonomía e iniciativa persoal**

- Ⓢ Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Ⓢ Capacitación para saber transformar a información recibida en coñecemento propio.
- Ⓢ Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.

## **3. Obxectivos do curso**

- Ⓢ Comprender discursos orais e escritos (narrativos, explicativos, expositivos, informativos -noticias, crónicas-, argumentativos, instrutivos,...) nos contextos da actividade social, cultural e académica, extraendo a idea xeral e a intención comunicativa.

- ⑩ Comprender textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos expositivos e explicativos, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- ⑩ Compoñer, en soporte papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado (normas e comunicacións), textos propios dos medios de comunicación (crónicas) e do ámbito académico (resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións) que faciliten a asimilación de información.
- ⑩ Presentar de forma ordenada e clara informacións previamente preparadas sobre temas do interese do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ⑩ Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta, adoptando unha actitude respectuosa e cooperativa.
- ⑩ Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- ⑩ Coñecer e valorar o uso das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- ⑩ Utilizar con certa autonomía os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- ⑩ Recoñecer e valorar a diversidade lingüística de España como fonte de enriquecemento cultural.
- ⑩ Recoñecer as diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
- ⑩ Comprender a terminoloxía gramatical e sintáctica básica.
- ⑩ Coñecer e utilizar procedementos básicos para compoñer enunciados con cohesión, coherencia e adecuación á situación comunicativa.
- ⑩ Recoñecer e facer uso coherente das modalidades oracionais, os modos do verbo e as formas verbais como formas de expresar as intencións dos falantes.
- ⑩ Interpretar as informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico e normativa.
- ⑩ Ler e comprender textos literarios (relatos breves, mitos, epopeias, fragmentos de novelas, poemas, escenas de obras de teatro...) adecuados á idade, utilizando os coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- ⑩ Recoñecer os diferentes subxéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- ⑩ Facer da lectura unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
- ⑩ Reflexionar de forma crítica con respecto ás mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

## 4. Contidos. Temporalización

Presentamos primeiro os **bloques** de contidos expostos na lexislación e a súa fragmentación en **unidades**.

### .4.1. Bloque 1. Falar, escoitar e conversar.

- Comprensión de informacións de actualidade procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Exposición de informacións tomadas dos medios de comunicación poñendo de relevo diferenzas no modo de presentar os feitos en distintos medios.



- Presentación ordenada e clara de informacións previamente preparadas sobre temas do interese do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións dos medios de comunicación en informativos e documentais.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente nas propostas sobre o modo de organizar a actividade, na achega de informacións útiles para o traballo en común e na exposición de breves informes sobre as tarefas realizadas.
- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando ós demais.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.

## **.4.2. Bloque 2. Ler e escribir.**

### **Comprensión de textos escritos**

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como normas e comunicacións.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, especialmente de información sobre feitos, noticias e crónicas, atendendo á estrutura do xornal dixital (seccións e xéneros) e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos expositivos e explicativos, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Reflexión crítica con respecto á información dispoñible ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

### **Composición de textos escritos**

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación, especialmente crónicas destinadas a un soporte impreso ou dixital, a audio ou a vídeo.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións e explicacións sinxelas, glosarios e informes de tarefas e de aprendizaxes efectuadas.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e mais os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.
- Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto polas normas ortográficas, gramaticais e tipográficas.

## **.4.3. Bloque 3. A educación literaria.**

- Lectura de varias obras adecuadas á idade do alumnado.
- Recitado de poemas, prestándolle atención ao valor simbólico da linguaxe poética, ao sentido dos recursos retóricos máis importantes, recoñecendo os procedementos da versificación e valorando a función de todos estes elementos no poema.
- Lectura de relatos comparando e contrastando temas e elementos da historia, formas de inicio, desenvolvemento, desenlaces...

- Lectura dramatizada de fragmentos de obras teatrais, recoñecendo algúns subxéneros e prestándolle atención á estrutura e compoñentes do texto teatral.
- Diferenciación dos principais subxéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- Composición de textos de intención literaria utilizando algunhas das aprendizaxes adquiridas nas lecturas dirixidas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos e culturas.

#### **.4.4. Bloque 4. Coñecemento da lingua.**

- Recoñecemento das diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
- Recoñecemento dalgúns significados contextuais que poden adquirir as modalidades da oración.
- Identificación e uso das formas de deíxe persoal, temporal e espacial (demostrativos, adverbios de tempo e de lugar) en textos orais e escritos.
- Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, como os de orde, explicativos e de contraste, e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos, especialmente as elipses e o uso de hiperónimos de significado concreto.
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos distintos valores do presente de indicativo.
- Recoñecemento do funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, identificando o suxeito e os complementos do verbo, distinguindo entre argumentais e non argumentais; transformando oracións para observar diferentes papeis semánticos do suxeito (axente, causa, paciente).
- Utilización dunha terminoloxía sintáctica básica: oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa, paciente.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados con estilo cohesionado, especialmente a inserción de expresións explicativas e o emprego de construcións de participio e de xerundio.
- Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico e normativa.
- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma lingüística.

#### **.4.5. Unidades didácticas para 2º de ESO:**

##### **UNIDADE 1**

- O texto e o procesador de textos.
- Principios de expresión oral: pedir, ofrecer e agradecer axuda.
- A formación e expansión do castelán.
- A orixe do léxico castelán: cultismos e latinismos. Préstamos léxicos.
- A importancia da coma
- O verso e a prosa.

##### **UNIDADE 2**

- Os textos expositivos (I). Programas para facer exposicións.

- Principios de expresión oral: explicar e pedir aclaracións.
- Outras linguas de España: o galego, o catalán e o vasco.
- Palabras procedentes de outras linguas de España: préstamos léxicos e dialectalismos léxicos.
- A importancia da acentuación. Pronunciación de grupos cultos.
- A estrofa.

### **UNIDADE 3**

- Os textos expositivos (II): o cartel
- A exposición oral. Planificar unha exposición oral.
- As variedades xeográficas, sociais e estilísticas da lingua.
- O léxico coloquial e vulgar.
- Palabras da pronuncia e acentuación dubidosa. As formas encima de e debaixo de.
- Poemas estróficos e poemas non estróficos.

### **UNIDADE 4**

- Os textos argumentativos (I): o libro. Escribir sobre un libro.
- Falar de libros.
- As funcións da linguaxe. A modalidade oracional.
- Os dicionarios.
- A interrogación e a exclamación. As formas a ver e haber.
- As figuras literarias: figuras de dicción, de pensamento. Tropos.

### **UNIDADE 5**

- Os textos poéticos.
- A recitación dun poema.
- Os complementos. Complementos dun núcleo non verbal.
- Precisión léxica (I).
- Palabras doutras linguas. O adxectivo maior.
- A poesía popular de transmisión oral.

### **UNIDADE 6**

- Os textos argumentativos (II): tipos de argumentación. A reclamación.
- Proposta dun plan de acción.
- A oración simple. Elementos extraoracionais.
- Palabras monosémicas e palabras polisémicas.
- A importancia da letra h. Substantivos que empezan por a-/ha- tónicas.
- As voces da lírica: a poesía lírica. Os subxéneros da poesía lírica.

### **UNIDADE 7**

- A publicidade.
- A interpretación e contrastación de gráficos.
- O suxeito. Clases de suxeito. Posición do suxeito na oración. Oracións impersoais.
- Precisión léxica (II).

- A letra r e rr. As formas asimismo, así mesmo e a sí mesmo.
- O mito: significado e importancia cultural.

#### **UNIDADE 8**

- A descrición subxectiva: características das descrições. A descrición de persoas, obxectos e lugares.
- A exposición de informes.
- O predicado (I): o verbo, núcleo do predicado. Os verbos irregulares. Os verbos defectivos. Usos do presente de indicativo.
- Hiperónimos e hipónimos.
- A letra k. Adverbio + posesivo.
- A epopeia: o seu significado. A epopeia medieval e renacentista.

#### **UNIDADE 9**

- A descrición obxectiva.
- As definicións.
- O predicado (II): tipos de predicado. Os complementos do verbo.
- Palabras parónimas.
- A letra w. As formas ambos e sendos.
- O conto fantástico. Características e tipos. Autores importantes.

#### **UNIDADE 10**

- Os textos periodísticos (I): a noticia. Creación dun periódico.
- Contar e comentar unha noticia.
- Os complementos do verbo (I): o atributo. Usos predicativos dos verbos copulativos.
- As palabras homónimas.
- As letras c e z.
- A novela realista.

#### **UNIDADE 11**

- Os textos narrativos: a anécdota persoal.
- Contar relatos.
- Os complementos do verbo (II): o complemento directo e o complemento indirecto.
- Raíces prefixas e sufixas.
- As letras d e z a final de palabra.
- A novela de aventuras. O aventureiro. Os elementos de relato de aventuras.

#### **UNIDADE 12**

- Os textos periodísticos (II): o periódico dixital e a crónica.
- Os complementos do verbo (III): o complemento circunstancial. Construcións de xerundio e de participio.
- Os tecnicismos.
- O guión.
- O relato autobiográfico.

### UNIDADE 13

- Os textos periodísticos (III): o artigo de opinión.
- A lectura dramatizada.
- Os verbos pronominais. Os complementos do verbo (IV): o complemento de réxime.
- Os calcos semánticos.
- Os parénteses.
- O espectáculo teatral: o texto teatral. A compañía de teatro.

### UNIDADE 14

- A comunicación persoal por escrito.
- A improvisación teatral.
- Os complementos do verbo (V): o complemento predicativo.
- Acortamentos de palabras.
- Palabras de ortografía dubidosa (I). As formas entre e contra.
- Os subxéneros teatrais: a traxedia, o drama e a comedia.

### UNIDADE 15

- O diálogo na rede.
- As presentacións en actos públicos.
- A oración pasiva. Os complementos do verbo (VI): o complemento axente. Outros complementos das oracións pasivas.
- As locucións.
- Palabras de ortografía dubidosa (II). Uso de ordinais e partitivos.
- O guión cinematográfico: planos e ángulos.

Estes contidos, divididos nas 15 unidades didácticas, desenvolveranse atendendo á seguinte **temporalización**:

1º trimestre: unidades 1 a 5

2º trimestre: unidades 6 a 10

3º trimestre: unidades 11 a 15

## 5. Criterios de avaliación

⑩ Captar a intención comunicativa e a idea xeral e secundarias dos textos orais social e academicamente próximos ao alumnado; identificar a información relevante en textos audiovisuais; e seguir instrucións para a realización autónoma de tarefas de aprendizaxe.

⑩ Comprender a intención comunicativa e captar a relación entre a idea xeral e as secundarias de textos escritos próximos á experiencia do alumnado; e seguir instrucións de certa extensión.

⑩ Narrar, expoñer, resumir, explicar e comentar, en soporte papel e dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas, e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

⑩ Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos ao contorno do alumnado, claras e estrutura das, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

- ⑩ Expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra completa axeitada á idade do alumnado; recoñecer a estrutura e os elementos de xénero; valorar o uso da linguaxe e o punto de vista da autora e do autor. Diferenciar contido literal e sentido da obra e relacionar o contido coa propia experiencia. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración dos textos.
- ⑩ Identificar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos.
- ⑩ Aplicar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de fragmentos, atendendo ao xénero, aos temas e motivos da tradición, á caracterización dos subxéneros literarios, á versificación e á funcionalidade dos recursos retóricos máis relevantes.
- ⑩ Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo textos literarios ou realizar algunhas transformacións neses textos.
- ⑩ Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión dos textos propios deste curso.
- ⑩ Coñecer unha terminoloxía lingüística básica nas actividades de reflexión sobre o uso.

## 6. Mínimos esixibles para superar a materia

É necesario acadar uns niveis mínimos xerais por parte do alumnado ben nas probas de xuño ou de setembro. Estes son os seguintes:

- ⑩ Comprensión de discursos orais e escritos (narrativos, explicativos, expositivos, informativos - noticias, crónicas-, argumentativos, instrutivos,...) nos contextos da actividade social, cultural e académica, extraendo a idea xeral e a intención comunicativa.
- ⑩ Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos expositivos e explicativos, ás instrucións para realizar tarefas; á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- ⑩ Elaboración de textos propios do ámbito académico (resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións) para facilitar a asimilación de información.
- ⑩ Presentación ordenada e clara de informacións previamente preparadas sobre temas do interese do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ⑩ Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
- ⑩ Uso e valoración das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- ⑩ Utilización relativamente autónoma dos medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- ⑩ Recoñecemento das diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
- ⑩ Comprensión da terminoloxía gramatical e sintáctica básica.
- ⑩ Coñecemento e uso dos procedementos básicos para compoñer enunciados con cohesión, coherencia e adecuación á situación comunicativa.
- ⑩ Recoñecemento e uso coherente das modalidades oracionais, os modos do verbo e as formas verbais como formas de expresar as intencións dos falantes.
- ⑩ Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico e normativa.
- ⑩ Lectura e comprensión de textos literarios (relatos breves, mitos, epopeias, fragmentos de novelas, poemas, escenas de obras de teatro...) adecuados á idade, utilizando os coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

- ⑩ Recoñecemento dos diferentes subxéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- ⑩ Reflexión crítica con respecto ás mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

## 7. Instrumentos e procedementos de avaliación

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

- *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada;
- en segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ó longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,
- e, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Seguirase a avaliación a través de varios *mecanismos*: a observación das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual. Realizaranse probas orais ou escritas, individuais ou colectivas. Terase en conta a posibilidade da *autoavaliación* e *co-avaliación* para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia.

Cómpre poñer especial coidado na *recollida de datos* que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Resultará necesario reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións (referidas aos bloques de contidos do currículo), pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral, e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas, ao mesmo nivel cós conceptos e os procedementos.

Instrumentos de avaliación:

- ⑩ Os exames teóricos orais ou escritos: realizaranse alomenos **dous exames** en cada trimestre.
- ⑩ Control de lecturas obrigatorias: serán **cinco lecturas** anuais, elixidas de xeito libre polo alumnado de entre o fondo bibliográfico da Biblioteca.
- ⑩ O esforzo e a dedicación diaria do alumno/a á materia: actividades de clase e de casa sempre feitas, puntualidade na entrega destas cando se establezan prazos, presentación coidada de todos os materiais empregados, etc.
- ⑩ Traballo diario, comportamento e actitude.

## 8. Criterios de cualificación

En cada trimestre a nota final da avaliación terá en conta:

70% - Exames escritos ou orais.

20% - Redaccións escritas (25%), dictados (25%), copiados (25%), traballo diario (25%).

10% - Comportamento e actitude.

Exames escritos:

- Serán alomenos **dous** exames por trimestre.
- Valorarase especialmente neles o coidado das faltas de ortografía e de acentuación. Coa finalidade de fomentar a atención no alumnado neste aspecto, as faltas serán penalizadas cun desconto de **0.2 puntos** cada unha (no caso de que se repita a palabra coa mesma falta, só se penalizará unha vez).
- O uso dunha caligrafía non lexible e/ou unha incorrecta presentación nos exames escritos (marxes incorrectos, ausencia de sangrías, falta de limpeza por tachóns...) suporá un desconto de 0,5 **puntos** na nota final do mesmo.
- Todos os exames serán puntuados de 0 a 10 puntos.

#### Control de lecturas:

- Serán **cinco lecturas**, unha por trimestre. Serán avaliadas a través dun sinxelo control oral.
- As lecturas serán cualificadas coma APTO / NON APTO.
- O prazo das tres lecturas quedarán fixadas nos primeiros días de clase, datas que deberán ser respectadas polo alumnado. No caso de que o alumno/a supere o prazo de entrega acordado, a lectura será cualificada cun NP, o que non exime de que esta sexa entregada ao alumno/a corrixida.
- As lecturas serán seleccionadas polo alumnado, sempre dentro do nivel esixido no curso.

#### Traballo diario

No traballo diario inclúense os exercicios prácticos e teóricos que se realizarán na aula e na casa, nomeadamente redaccións e dictados. Cando non sexan realizados o alumnado terá un negativo que computará como 0,25 puntos menos dentro deste apartado.

#### Comportamento e actitude:

- No referente ao comportamento, partimos da base de que o bo comportamento non se premia, xa que debe ser a norma, e o que se castiga é o mal comportamento, a excepción á norma. Entenderase por mal comportamento: as interrupcións as explicacións do docente, as chamadas de atención a un alumno/a por estar a falar cun compañeiro ou mal sentado; as faltas de respecto entre compañeiros; as faltas de respecto ao profesor,...

Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu interese e a súa vontade e disposición para corrixir erros.

O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame (ben a través de "chuletas" ou do exame dun compañeiro) terá a avaliación suspensa. Dado que a materia ten unha avaliación continua, se esta situación se dese no terceiro trimestre, o alumno/a terá que recuperar a materia na súa totalidade en setembro.

Contéplase tamén o caso de abandono na materia sempre e cando o alumnado, de forma reiterada, non se acompañe do material preciso na aula (caderno e libro de texto), non faga as tarefas encomendadas ou presente exames en branco ou practicamente en branco. Neste caso o profesor informará ao titor/a e posteriormente poñerase en coñecemento da familia esta situación. As medidas adoptadas co alumnado que presente esta actitude serán decididas na reunión de avaliación correspondente.

Para o alumnado que teña a Lingua castelá pendente será obrigatoria a realización e presentación de traballos durante cada trimestre para obter o dereito aos exames parciais de recuperación da materia que terán lugar nos meses de xaneiro e abril. De non presentar este material, o alumnado terá dereito só á convocatoria oficial de maio.

Dado que a materia de Lingua castelá ten unha avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación da materia ao longo do curso. O alumnado terá que demostrar, a medida que avanza o curso lectivo, que mellora considerablemente as cualificacións iniciais.



## 9. Procedementos para a realización da avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- ⑩ Informes individualizados do curso anterior.
- ⑩ Cuestionarios escritos iniciais.
- ⑩ Cuestionarios orais breves ao comezo de cada aula, aproveitando que se pasa lista.
- ⑩ Proba de lectura para comprobar a fluidez.
- ⑩ Textos escritos breves sobre os textos lidos e sobre contidos que deberan estar asimilados.
- ⑩ Exame superficial do traballo no caderno individual.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- ⑩ Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- ⑩ Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- ⑩ Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial, en outubro. Discriminarase entón que elementos do proceso de ensino/aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

## 10. Plans de seguimento das materias pendentes

Neste curso 2015-16 hai dous casos de alumno coa materia de Lingua castelá pendente do curso anterior.

O departamento ofrece a posibilidade de facer dous exames parciais, en xaneiro e abril, para facilitar a superación da materia pendente. Para que o alumno poda optar a estes parciais debe entregar na data establecida polo profesorado as actividades escritas que previamente recibe deste e que lle permitirán preparar os contidos dos parciais. De non ser entregadas estas puntualmente, o alumnado perderá o dereito aos parciais e terá que presentarse á convocatoria oficial de maio. Só se prescindirá da convocatoria final cando o alumnado coa materia pendente supere os dous exames parciais.

O departamento ponse á disposición do alumno para aclarar posibles dúbidas con respecto aos exames de recuperación durante as horas de recreo ou no momento que o estes o consideren oportuno. O alumno recibirán toda a información necesaria sobre datas, contido dos exames e material engadido por parte do departamento a través do titor. Do mesmo xeito, os pais recibirán información por correo e a través dos boletíns que se entregan ao final de cada trimestre, onde quedará constancia do progreso do alumno na materia a recuperar.

## 11. Metodoloxía

Considerando que a finalidade global para a área de Lingua Castelá e Literatura é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas: comprender / falar e ler / escribir, todo o traballo nesta materia debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado.

A metodoloxía que imos levar a cabo caracterízase por:

- Atender ás diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo.
- Utilizar os métodos inductivo/analítico unhas veces e outras, o dedutivo/sintético, segundo sexa conveniente, ir do concreto ao xeral ou do xeral ao concreto, sempre tendo en conta as características da materia a tratar.
- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrutivo, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos descontinuos (cadros ou

gráficos, táboas, mapas, formularios, follas informativas, convocatorias e anuncios, mapas semánticos, mapas conceptuais...).

• Utilizar as seguintes estratexias lectoras:

☞ Antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler).

☞ Durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto).

☞ Despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).

Para levar a cabo esta metodoloxía da lectura comprensiva necesitamos fixar un tempo mínimo diario, uns 30 minutos de media, que sempre se poden ampliar ou reducir dependendo das necesidades concretas de cada sesión de clase.

• Utilización das novas tecnoloxías das que dispón o centro: aula de informática, biblioteca informatizada, canóns de vídeo, DVDs..., así como o ordenador da aula para achegar o noso alumnado tamén desde o medio educativo aos novos tempos tecnolóxicos.

## 12. Materias e recursos

Os materiais e recursos didácticos que empregará o departamento de Lingua castelá e literatura no grupo de 2º de ESO son os seguintes:

Ⓣ **Libro de texto:** 2º ESO: AA.VV.: *Lengua Castellana y Literatura*. 2ºESO. Editorial Santillana.

Ⓣ **Caderno de traballo:** o alumnado terá que presentar e realizar todas as tarefas diarias (agás aquelas que teñan que ser entregadas) no seu caderno, único para a materia.

Ⓣ **Materiais en fotocopias e materiais bibliográficos:** todo este material será posto a disposición do alumnado por parte da profesora e del formarán parte noticias da actualidade tiradas de xornais dixitais ou impresos, relatos, etc. Os materiais bibliográficos procederán especialmente da biblioteca.

Ⓣ **Lecturas obrigatorias:** 5 lecturas anuais.

Ⓣ **Dicionarios de aula**

Ⓣ **Recursos informáticos:** ordenador portátil con reproductor DVD, canón, pantalla e equipo de son.

## 13. Medidas de atención á diversidade

O proceso de ensinanza-aprendizaxe está lonxe de ser un proceso homoxéneo, é dicir, cada alumno presenta unhas características cognitivas moi diversas. Como profesores sabemos que os ritmos de aprendizaxe son moi dispares: desde aqueles alumnos que rematan rapidamente cas tarefas, ata aqueles que precisan de máis tempo para cumprir cos mesmos obxectivos. Por este motivo, é necesario que todas as actividades estean deseñadas pensando nesta diversidade.

Neste curso 2015-16 contamos con medidas de atención de carácter ordinario (convivencia inclusiva) e medidas de atención de carácter extraordinario. Dentro deste último tipo hai establecido dúas ACS, ademais dos reforzos ou apoios que serán establecidos a medida que avance o primeiro trimestre e que impartirá o profesorado de Pedagogía Terapéutica.

Neste curso non se contempla a necesidade dun Plan de seguimento do alumnado repetidor, se ben haberá un control particular da evolución dos alumnos nesta situación.

Deixando de lado estes casos específicos, podemos sinalar que dentro da aula tamén se considera indispensable unha metodoloxía de seguimento á diversidade. A proposta está baseada en actividades ou técnicas deseñadas e enfocadas á repetición de explicacións; á petición de aclaracións de contidos aos alumnos para comprobar o grado de asimilación dos mesmos; á formulación de preguntas que buscan respostas rápidas; e a actividades de aula para fomentar o traballo en grupos, potenciando así a colaboración directa entre os alumnos, etc.

## 14. Educación en valores

Como medio de representación que é, a lingua reflicte a realidade do individuo e da sociedade. Por iso, a área de Lingua castelá e literatura é un espazo privilexiado para incorporar o tratamento dos temas transversais na práctica educativa.

Aínda que os temas transversais están continuamente presentes dentro da aula, o seu tratamento maniféstase especialmente de dous modos:

⑩ A través da selección de textos e o traballo con estes, posto que os textos ofrecen situacións que reflicten actitudes, valores, modos de pensar e de entender o mundo, etc.

⑩ Mediante suxestións ao profesor para que guíe as exposicións e debates orais e aproveite calquera outro elemento que permita reproducir na aula os temas, as vivencias e os valores do mundo exterior.

Aínda que todos os temas transversais están presentes no deseño do proxecto, no caso da área de Lingua castelá e literatura merecen un tratamento especial os seguintes:

⑩ *Educación para a convivencia*

O respecto á autonomía dos demais e o diálogo como modo de resolver os conflitos trabállanse especialmente ao fío dalgúns temas como o debate, o coloquio, a reclamación e tamén nalgúns lecturas.

⑩ *Educación para a saúde*

O concepto integral da saúde como benestar físico, psíquico, individual, social e medio ambiental desenvólvese a partir de temas do programa de vocabulario, como o corpo humano, a saúde ou a enfermidade. Esta cuestión tamén está presente nas posibles lecturas.

⑩ *Educación para a paz*

Partindo da lectura de textos invitase á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, servindo de base para a transmisión de valores como a non-violencia, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos. Neste sentido, as actividades que se desenvolven dentro do programa de expresión oral, e moi especialmente as relacionadas con textos argumentativos, son un medio idóneo de transmisión destes contidos

⑩ *Educación do consumidor*

Temas como a publicidade, a propaganda ou as reclamacións e algunhas lecturas fomentan una actitude crítica e responsable ante o consumo e os mecanismos do mercado.

⑩ *Educación non sexista*

O tratamento deste tema transversal aparece en textos literarios e expositivos. Outro exemplo da presenza deste tema transversal é a atención cara aos usos discriminatorios da linguaxe.

⑩ *Educación ambiental*

A toma de conciencia sobre os problemas que afectan ao medio ambiente, obxectivo principal deste tema, se desenvolve a partir de textos argumentativos.

⑩ *Educación viaria*

Algúns textos periodísticos ofrecen a posibilidade de desenvolver este tema transversal na aula.

## 15. Accións de contribución ao proxecto lector

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, **especialmente a comunicación lingüística**, o tratamento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Un dos seus obxectivos é a formación de lectores competentes e a consolidación de hábitos de lectura e escritura, pero sabemos que conseguir un **lector competente** é unha tarefa longa e dificultosa que, probablemente, supere no tempo aos cursos de ensinanza obrigatoria. De feito, será un labor que durará toda a vida, sempre e cando se manteña a actividade lectora.

É máis que evidente que a materia de Lingua castelá e Literatura ten unha implicación directa con este proxecto, aínda que este estea deseñado para que sexan todas as materias do currículo as que se impliquen no mesmo. A súa finalidade primeira é que o alumnado descubra todas as posibilidades que a lectura e o seu espazo físico principal nun centro, a biblioteca, lle ofrecen. No caso do departamento de Lingua castelá e literatura a implicación é aínda máis directa posto que o Xefe do departamento é o coordinador da Biblioteca.

O departamento comprométese a:

- ⑩ Usar todo tipo de textos en diferentes soportes: libros, material dixital, revistas, xornais... así como diversos tipos de textos continuos e descontinuos (científicos, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais...).
- ⑩ Traballar a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- ⑩ Traballar a comprensión lectora usando diversas estratexias antes, durante e despois da lectura:
  - ⑩ Ler detidamente os textos
  - ⑩ Facer preguntas ao alumnado para saber se comprenderon o texto
  - ⑩ Analizar o vocabulario
  - ⑩ Activar as ideas previas
  - ⑩ Relacionar o texto lido con outras experiencias
  - ⑩ Desmiuzar cada parágrafo
  - ⑩ Extraer as ideas principais
  - ⑩ Facer resumos, esquemas e mapas conceptuais
- ⑩ Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- ⑩ Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...
  - ⑩ Aprender a escoitar
  - ⑩ Traballar a entoación e vocalización
  - ⑩ Respectar as quendas de palabra
  - ⑩ Respectar as ideas dos demais
  - ⑩ Reflexionar antes de falar
  - ⑩ Expoñer as preguntas con seriedade
  - ⑩ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente
- ⑩ Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- ⑩ Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.
- ⑩ Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométese demasiadas interferencias.
- ⑩ Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

O Proxecto Lector tamén concreta no Plan Anual de Lectura os itinerarios lectores cos que se materializa ao longo do curso a actividade lectora do alumnado. A materia de Lingua castelá evidentemente obriga a unha actividade lectora constante e continua ao longo de todas as sesións co alumnado.

O tempo de dedicación diaria á actividade de lectura no curso de 2º de ESO aproxímase aos 30 minutos, deixando unha marxe de variación polo que respecta á dinámica de cada sesión.

Polo que atinxe ás lecturas establecidas no Itinerario Lector de Lingua Castelá temos:

### Itinerario Lector

Materia: Lingua Castelá e Literatura      Departamento: Lingua Castelá

<b><i>Tipos de lecturas</i></b>	<b><i>Materiais e recursos (indicando para que nivel)</i></b>	<b><i>Espazos</i></b>
Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos	Textos tirados de xornais e revistas	Aula, casa
Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado). Textos literarios	Textos literarios dos autores: fragmentos escollidos, poemas, escenas teatrais, lendas, relatos. Manéxanse páxinas web: <a href="http://amediavoz.com">amediavoz.com</a> <a href="http://www.ciudadseva.com">www.ciudadseva.com</a> <a href="http://www.epdlp.com">www.epdlp.com</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com">http://www.rinconcastellano.com</a> <a href="http://biblio/relatos/index.html">biblio/relatos/index.html</a> Lectura e audición de poemas: <a href="http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/">http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/</a>	Aula, biblioteca
Lecturas para gozar e compartir (lectura individual, recomendacións...) Textos literarios e informativos	Relatos de: Jorge Bucay, Horacio Quiroga, Isabel Allende, Roald Dahl, Agatha Christie, entre outros.	Aula, casa
Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). Textos literarios	Lecturas obrigatorias: 5 lecturas, unha en cada trimestre. O alumnado selecciona libremente os títulos das lecturas entre o material bibliográfico catalogado na Biblioteca do instituto ou ben sexa libro en propiedade do alumnado, sempre e cando o profesor considere que o título é adecuado ao nivel esixido en 2º de ESO.	Casa e aula
Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...	Revista <i>Muy Interesante</i> Revista <i>Quo</i> Prensa en castelán a través de Internet	Aula, biblioteca, casa

Forma igualmente parte do Proxecto Lector a realización de traballos adicados á conmemoración do Día do Libro, do Día da Poesía ou a diferentes escritores ou datas relevantes esixe tamén a busca de material bibliográfico diverso, ou ben a través de apoio textual ou soporte informático (uso dos ordenadores e de todo o material dispoñible da biblioteca).

## 16. Accións de contribución ao Plan TIC

As novas tecnoloxías son un moderno recurso didáctico dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado. As numerosas posibilidades de aplicación e os diferentes instrumentos informáticos facilitan a súa inclusión no ámbito da ensinanza. A gran vantaxe deste novo recurso é que favorece a motivación dos alumnos xa que está presente na aula e tamén nas súas casas, razón pola que é considerado como un instrumento coñecido e utilizado, non só cunha finalidade didáctica, senón tamén lúdica.

O departamento fará uso deste recurso a través de diferentes vías:

- a) Revisión e ampliación dos contidos da páxina do departamento. O seguimento tratarase de realizar de forma semanal para que os alumnos poidan estar ao tanto de todo o que sexa relevante para a materia.
- b) Realización de programas de radio con contidos diversos, centrados fundamentalmente no ámbito literario.
- c) Elaboración de traballos por parte do alumnado para ser expostos na aula. A súa elaboración poderá ter soporte informático.
- d) Deseño e elaboración de artigos, entrevistas e creacións literarias con soporte informático para a súa inclusión na revista do instituto por parte do alumnado.
- e) Polo que respecta ao Proxecto Abalar, e despois da experiencia pouca satisfactoria dos tres cursos anteriores, o departamento de Lingua Castelá fará todo o que estea ao seu alcance para aproveitar este recurso educativo na aula.

## 17. Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal e como se recolle no *Plan de convivencia* do centro (aprobado en xuño de 2013), todos os integrantes da comunidade educativa, neste caso o profesorado, debemos ter un compromiso especial para loitar contra todo tipo de violencia escolar mediante a prevención de actos violentos en calquera das súas modalidades. Dita prevención establécese especialmente a través de accións que favorezan a mellora do ambiente socio educativo no centro.

A aula é un dos contextos máis importantes a este nivel e cómpre desenvolver prácticas educativas que favorezan un ambiente baseado no respecto, no diálogo e na empatía, prácticas que levará a cabo este departamento a través do tratamento transversal da educación en valores. De igual modo, a intervención na resolución de conflitos, baseada na cultura da paz, no diálogo e no carácter recuperador, educador e reparador da intervención é unha tarefa igualmente decisiva para loitar contra a violencia escolar, do mesmo xeito que é imprescindible a coordinación entre o profesorado (comunicación directa e inmediata con xefatura de estudos e a dirección do centro), coas familias, con outros organismos e asociacións cos centros adscritos.

## 18. Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso, os alumnos participarán en varias actividades para complementar a súa formación nas que terá unha participación especial o departamento de Lingua Castelá. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- ⑩ Conmemoración do Día da Biblioteca.
- ⑩ Conmemoración do Día da Poesía.
- ⑩ Conmemoración do Día do Libro.
- ⑩ Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.
- ⑩ Participación activa nas Xornadas Culturais que se celebrarán no centro no mes de maio (do 18 ao 20). O departamento estudará diversas posibilidades: desde obradoiros ou talleres de creación literaria, representacións teatrais, concursos de letras ou exposicións de materiais diversos.
- ⑩ Participación do alumnado en concursos literarios a nivel de centro e/ou a nivel nacional.

## 19. Procedemento para avaliar a propia programación

Unha programación didáctica é un instrumento básico e fundamental para un desenvolvemento organizado, planificado e ordenado dunha secuencia de contidos establecida por lei para cada un dos diferentes cursos.

Como obxecto organizador non debe ser entendido pola contra como un material fixo e ríxido; a heteroxeneidade do alumnado ou as posibles necesidades específicas que aparezan no contexto da aula son tan só algunhas das posibles razóns que botarían por terra dita rixidez.

A programación didáctica debe ser, por tanto, entendida como un instrumento didáctico flexible e sometido a unha análise constante ao longo do curso que asegure a súa funcionalidade. Ten que quedar claro que a labor dun profesor ou profesora non remata na avaliación do alumnado polo que respecta á asimilación de contidos, tamén se debe estender á avaliación da propia programación didáctica sobre a que se sustenta todo o proceso de ensino e aprendizaxe dos alumnos.

Os criterios que o Departamento de Lingua Castelá e Literatura empregará para determinar a funcionalidade e adecuación da súa programación didáctica son os seguintes:

- ⑩ Adecuar os obxectivos e a selección de contidos ás características do grupo de alumnos.
- ⑩ Valorar a pertinencia das actividades propostas.
- ⑩ Establecer unha correcta temporalización.
- ⑩ Favorecer unha axeitada explicación.
- ⑩ Valorar a adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- ⑩ Distribuír o espazo e o agrupamento do alumnado de xeito funcional.
- ⑩ Potenciar a participación do alumnado.
- ⑩ Establecer unha coordinación directa e continua cos profesores do mesmo grupo a través da figura do titor.
- ⑩ Determinar posibles observacións que aparezan no contexto da aula.

Todos estes criterios serán revisados e comentados nas reunións semanais do departamento. Cando se detecten dificultades ou erros na funcionalidade da programación en calquera dos seus apartados, modificaranse os mesmos atendendo sempre ao cumprimento destes criterios.

Israel Rodríguez Gil

Xefe Dpto. Lingua Castelá e Literatura



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Curso académico 2015/16

Departamento de  
Lingua castelá e literatura

**Programación didáctica**  
**Lingua Castelá e Literatura**  
**3º de ESO**



# Índice

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis
3. Obxectivos para Lingua Castelá e Literatura
4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis
5. Concrecións metodolóxicas da materia
6. Materiais e recursos didácticos
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes
10. Plan de seguimento do alumnado repetidor
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
12. Medidas de atención á diversidade
13. Concreción dos elementos transversais
14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora
16. Accións de contribución ao proxecto lector
17. Accións de contribución ao plan TIC
18. Accións de contribución ao plan de convivencia

## 1. Introducción e contextualización

Esta é a programación de Lingua Castelá e Literatura de 3º de ESO para o ano académico 2015/16, que será impartida no IES *Castro de Baranceli*. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- ⑩ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- ⑩ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- ⑩ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⑩ Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- ⑩ Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- ⑩ Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- ⑩ Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

10 Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).

10 Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

O *IES Castro de Baronceli* conta durante este curso con 130 alumnos/as e 24 docentes. Lingua Castelá e Literatura de 3º de ESO organízase en dous grupos de 14 e 17 alumnos/as respectivamente, e será impartida por Israel Rodríguez Gil.

Lingua Castelá e Literatura de 3º de ESO pertence ao bloque de materias troncais e correspóndenlle 3 horas semanais.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

a) Comunicación lingüística (CCL): adquisición de destrezas que permitan ao alumno/a interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos da súa vida presente e futura, reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estuda e coñece, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): coñecemento dos sistemas e o modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación e uso efectivo de variadas fontes de consulta en formatos diversos, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas relacionadas coa lingua e para enriquecer o propio vocabulario.

c) Competencia dixital (CD): adquisición dos coñecementos para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información atendendo ás distintas finalidades.

d) Aprender a aprender (CAA): perfeccionamento da lectura comprensiva, organización das ideas mediante resumos e esquemas, interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios e valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento persoal.

e) Competencias sociais e cívicas (CSC): comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís e a adquisición de destrezas que faciliten a comunicación cos demais e o respecto cara os saberes e referencias culturais.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): intervención en actos comunicativos orais valorando a propia participación, planificación correcta de textos escritos e análise e control dos propios sentimentos grazas á escritura.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC): creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas, dándolle especial importancia á literatura.

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

## 3. Obxectivos para Lingua Castelá e Literatura

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. A partir dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, establécense os seguintes:

a) Comprender discursos orais e escritos (narrativos, expositivos e xornalísticos: noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas), resumindo e comentando o seu contido e significado e valorando os factores

contextuais, a intención das mensaxes, o tipo de rexistro e a organización interna do discurso nas diferentes situacións comunicativas.

b) Producir textos orais e escritos (narrativos, expositivos e xornalísticos) empregando o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e utilizando as regras adecuadas de cohesión e coherencia textual e de corrección lingüística.

c) Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios.

d) Valorar a importancia e a necesidade do dominio das normas ortográficas, tipográficas e gramaticais, a fluidez lectora e a progresiva adquisición do vocabulario preciso e axeitado para mellorar a capacidade comunicativa oral e escrita.

e) Participar nas actividades colectivas e individuais, integrando certa autonomía de funcionamento coa colaboración solidaria, respectuosa e cooperativa.

f) Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos ao contorno do alumnado, claras e estrutura das, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

g) Familiarizarse con técnicas de traballo académico ou intelectual como as citas ou referencias bibliográficas, a consulta á biblioteca (dicionarios, glosarios, enciclopedias...) e as posibilidades de tratamento e procesamento da información asociadas ás novas tecnoloxías, como pasos necesarios para a optimización do traballo persoal e en equipo, a ampliación de recursos e a produción de textos e traballos escolares.

h) Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información (a través das TIC e biblioteca) para obter, seleccionar, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

i) Colaborar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

j) Considerar a lectura como un instrumento de aprendizaxe e coñecemento do mundo, valorando a dimensión recreativa e de lecer da lectura e consolidando o hábito lector.

k) Crear textos literarios breves (especialmente relatos), ou de intención estética, respectando as características formais correspondentes, e enténdelos e utilízalos como unha vía óptima para formalizar experiencias, emocións e sentimentos individuais e colectivos.

l) Coñecer e comprender as características que definen os movementos literarios que se desenvolven en España desde a Idade Media literaria ata o Neoclasicismo, así como as obras e os autores máis representativos das letras españolas deste período.

m) Comprender os textos ou fragmentos seleccionados da literatura española desde o século XI ata o XVIII, utilizando os coñecementos adquiridos sobre as características de cada corrente estética, o contexto histórico, filosófico, social e cultural no que estas xorden, ademais dos temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

n) Desenvolver un criterio lector e expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

o) Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

p) Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

q) Coñecer os principios fundamentais da gramática española, recoñecendo as diferentes unidades da lingua e as súas combinacións, e empregar os ditos principios na produción e interpretación de textos orais e escritos.

r) Recoñecer e rexeitar as implicacións discriminatorias da linguaxe no plano social, sexual, étnico, etc., analizándoo e empregándoo criticamente en todas as prácticas discursivas.

#### **4. Estándares de aprendizaxe avaliados**

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliados, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

1: En vías de adquisición.

2: Adquirido.

3: Avanzado.

4: Excelente.

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión.</li> </ul>	3º trimestre Unidades 6 e 7	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
ollada, etc.).					
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guiños previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir					

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando en todo momento as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.</li> </ul>	Todo o curso	4	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Exames escritos</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.</li> </ul>	2º e 3º trimestre	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.6.1. Escribe textos argumentativos con diferente organización secuencial, incorporando diversos tipos de argumento, imitando textos modelo.</li> </ul>	3º trimestre Unidades 6 e 7	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións.</li> </ul>	2º e 3º trimestre	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> <li>Exames escritos</li> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
-------------------------	---------------------------	-----------------	----------------------------	--	--------------------



Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Control de lecturas</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Control de lecturas</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer e analizar a estrutura das palabras pertencentes ás diversas categorías gramaticais, distinguindo as flexivas das non flexivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), e aplica este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e ao enriquecemento do seu vocabulario activo.</li> </ul>	2º trimestre Unidade 4	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.</li> </ul>	2º trimestre Unidade 3	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.</li> </ul>	3º trimestre Unidades 5-7	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.</li> </ul>	2º e 3º trimestre Unidades 3 e 5	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa).</li> </ul>	2º e 3º trimestre Unidades 3 e 5	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.3. Amplía oracións nun texto usando diferentes</li> </ul>	2º e 3º trimestre	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	grupos de palabras, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo.	Unidades 3 e 7		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Control de lecturas</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	
▪ B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	▪ LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	2º e 3º trimestre Unidade 3 e 6	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.	▪ LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.).	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> <li>▪ Exames escritos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
▪ B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos orais e escritos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e a disposición dos contidos en función da intención comunicativa.	▪ LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos.	2º e 3º trimestre Unidades 3, 6 e 7	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
	▪ LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ B3.8. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.	▪ LCLB3.8.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.	1º trimestre Unidades 1 e 2	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
	▪ LCLB3.8.2. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.	1º trimestre Unidades 1 e 2	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exames escritos</li> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	▪ LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	3º trimestre	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>	3º trimestre	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exames escritos</li> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Educación literaria					
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, contribuíndo á formación da personalidade literaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc. de todas as épocas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.4.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>

Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro recoñecendo a intención do/da autor/a, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</li> </ul>	Todo o curso	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.6.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	2º trimestre	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</li> </ul>	Todo o curso	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Control de lecturas</li> <li>Observación na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>

## 5. Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes. O enfoque metodolóxico susténtase en “situacións de aprendizaxe”, que incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A metodoloxía que imos levar a cabo caracterízase por:

- Atender ás diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo.
- Utilizar os métodos indutivo/analítico unhas veces e outras, o dedutivo/sintético, segundo sexa conveniente, ir do concreto ao xeral ou do xeral ao concreto, sempre tendo en conta as características da materia a tratar.

- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrutivo, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos discontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, formularios, follas informativas, convocatorias e anuncios, mapas semánticos, mapas conceptuais...).

- Utilizar as seguintes estratexias lectoras:

- ☞ Antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler).

- ☞ Durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto).

- ☞ Despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).

Para levar a cabo esta metodoloxía da lectura comprensiva necesitamos fixar un tempo mínimo diario, uns 25 minutos de media, que sempre se poden ampliar ou reducir dependendo das necesidades concretas de cada sesión de clase.

- Utilización das novas tecnoloxías das que dispón o centro: aula de informática, biblioteca informatizada, canóns de vídeo, DVDs..., así como o ordenador da aula para achegar o noso alumnado tamén desde o medio educativo aos novos tempos tecnolóxicos.

## 6. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos que empregará o departamento de Lingua castelá e literatura no grupo de 3º de ESO son os seguintes:

- ⑩ Caderno de traballo: o alumnado terá que presentar e realizar todas as tarefas diarias (agás aquelas que teñan que ser entregadas) no seu caderno.

- ⑩ Fotocopias cos contidos teóricos e prácticos da materia elaborados pola profesora responsable da docencia do curso, dado que non se traballa con libro de texto. Este material é gratuito e será posto a disposición do alumnado ao tempo que se expoñen os novos contidos.

- ⑩ Textos tirados de xornais e revistas como material fundamental para desenvolver múltiples actividades de lectura e de opinión, recollida de información para elaborar debates de temas actuais, análise da linguaxe dos propios medios,...

- ⑩ Lectura e consulta de diferentes libros de narrativa, teatro e poesía das diversas etapas da nosa literatura, ademais de traducións de obras doutras literaturas.

- ⑩ Lecturas obrigatorias de libre escolla: 5 lecturas anuais.

- ⑩ Dicionarios de aula (lexicográficos, sinónimos/antónimos, etimolóxicos, dicionarios de uso...) e dicionarios en rede.

- ⑩ Biblioteca do instituto e biblioteca de aula, nas que contamos con moitas obras literarias e manuais de uso variados.

- ⑩ Recursos informáticos: ordenador de aula portátil con acceso a internet, con reprodutor DVD, canón, pantalla e equipo de son.

## 7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina. Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 4.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

- *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada;
- en segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ó longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,
- e, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Seguirase a avaliación a través de varios mecanismos ou procedementos:

- ⑩ **Observación na aula** das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- ⑩ Realizaranse **probos orais ou escritos**, individuais ou colectivos.
- ⑩ Terase en conta a posibilidade da **autoavaliación e co-avaliación** para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia.

Cómpre poñer especial coidado na *recollida de datos* que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Resultará necesario reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións (referidas aos bloques de contidos do currículo), pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, a actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral, e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas, ao mesmo nivel cós conceptos e os procedementos.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

En cada trimestre a nota final da avaliación terá en conta:

70% - Exames escritos ou orais

20% - Traballos de expresión escrita

10% - Traballo diario, comportamento e actitude

As lecturas non terán cualificación, pero serán condición sine qua non para superar a materia.

#### Exames escritos:

- Realizaranse alomenos **dous** por trimestre, un para os contidos de lingua e outro para os de literatura.
- Valorarase especialmente neles o coidado das faltas de ortografía e de acentuación. Coa finalidade de fomentar a atención no alumnado neste aspecto, as faltas serán penalizadas cun desconto de **0,2 puntos cada unha** (no caso de que se repita a palabra coa mesma falta, só se penalizará unha vez).
- O uso dunha caligrafía non lexible e/ou unha incorrecta presentación nos exames escritos (marxes incorrectos, ausencia de sangrías, falta de limpeza por tachóns...) suporá un **desconto de 0,5 puntos** na nota final do mesmo.
- Os contidos teóricos de lingua e literatura nunca se mesturarán nun mesmo exame, é dicir, haberá exames de lingua e exames de literatura, a excepción de exames finais.
- Todos os exames serán puntuados de 0 a 10 puntos.
- Os exames de lingua castelá incluírán preguntas de carácter teórico (definición de termos lingüísticos, explicación de conceptos...), pero especialmente exercicios de carácter práctico (similares aos realizados na aula); os exames de literatura incluírán preguntas que porán en relación os contidos explicados e previamente xa relacionados na aula. Poderán tamén incluír exercicios prácticos asociados á identificación da autoría e a cronoloxía de textos literarios.

#### Control de lecturas:

- Serán **cinco lecturas anuais**.
- Serán avaliadas a través de breves explicacións orais.
- As lecturas non serán cualificadas numéricamente, senón como APTO/NO APTO.
- As lecturas serán seleccionadas polo alumnado, sempre dentro do nivel esixido no curso.

#### Traballos de expresión escrita:

- Realizaranse coma mínimo **dous traballos** de expresión escrita por trimestre. Estarán relacionados coa tipoloxía textual, especialmente, noticias xornalísticas, artigos de opinión, anuncios publicitarios..., que o alumnado terá que comentar, ou con textos extraídos de obras literarias que deberán ser continuados ou adaptados.
- Serán cualificados de 0 a 10.
- Fixarase unha data de entrega para estes, data que deberá ser respectada. No caso de que o alumno/a entregue o traballo fóra de prazo, a profesora cualificarao como NP, o que non exime de que este sexa entregado ao alumno/a corrixido.

### Traballo diario, comportamento e actitude:

□ No traballo diario inclúense os exercicios prácticos e teóricos (relacionados coa unidade que se estea a traballar) que se realizarán na aula e na casa. Estes traballos poden ser escritos ou orais, formando parte deste últimos os debates, coloquios ou prácticas de conversa que se desenvolverán na aula. Cando non sexan realizados o alumnado terá un negativo que computará como 0,25 puntos menos dentro do 10% deste apartado.

□ No referente ao comportamento, partimos da base de que o bo comportamento non se premia, xa que debe ser a norma, e o que se castiga é o mal comportamento, a excepción á norma. Entenderase por mal comportamento: as interrupcións as explicacións do docente, as chamadas de atención a un alumno/a por estar a falar cun compañeiro ou mal sentado; as faltas de respecto entre compañeiros; as faltas de respecto á profesora,...

□ Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu interese e a súa vontade e disposición para corrixir erros.

O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame (ben a través de “chuletas” ou do exame dun compañeiro) terá a avaliación suspensa. Dado que a materia ten unha avaliación continua, se esta situación se dese no terceiro trimestre, o alumno/a tería que recuperar a materia na súa totalidade en setembro.

Contéplase tamén o caso de abandono na materia sempre e cando o alumnado, de forma reiterada, non se acompañe do material preciso na aula (caderno e libro de texto), non faga as tarefas encomendadas ou presente exames en branco ou practicamente en branco. Neste caso a profesora informará ao titor/a e posteriormente poñerase en coñecemento da familia esta situación. As medidas adoptadas co alumnado que presente esta actitude serán decididas na reunión de avaliación correspondente.

Dado que a materia de Lingua castelá ten unha avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación da materia ao longo do curso, pero si exames que inclúan cuestións sobre temas non superados no seu momento.

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Cumprimento do proxecto lector	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades



## 9. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que teña a Lingua castelá pendente será obrigatoria a realización e presentación de traballos durante cada trimestre para obter o dereito aos exames parciais de recuperación da materia que terán lugar nos meses de xaneiro e abril. De non presentar este material, o alumnado terá dereito só á convocatoria oficial de maio.

## 10. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal, basicamente exercicios prácticos para reforzar cada unidade e traballos de expresión escrita breves para fomentar a correcta expresión escrita.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- ⑩ Informes individualizados do curso anterior.
- ⑩ Cuestionarios escritos iniciais.
- ⑩ Cuestionarios orais breves ao comezo de cada aula, aproveitando que se pasa lista.
- ⑩ Proba de lectura para comprobar a fluidez.
- ⑩ Textos escritos breves sobre os textos lidos e sobre contidos que deberan estar asimilados.
- ⑩ Exame superficial do traballo no caderno individual.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- ⑩ Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- ⑩ Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- ⑩ Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará este curso o día 30 de setembro. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino/aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

## **12. Medidas de atención á diversidade**

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

Neste curso 2015-16 contamos con medidas de atención de carácter ordinario (a convivencia inclusiva).

## **13. Concreción dos elementos transversais**

A comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional son contidos transversais que serán traballados de xeito continuo polo departamento a través das actividades escritas e orais que se realicen na aula, ademais de exposicións e ou presentacións.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social serán traballados a través da celebración de datas sinaladas como o 25 de novembro (Día contra a violencia de xénero), o 1 de decembro (Día dos Dereitos humanos) e o 8 de marzo (Día da muller traballadora).

A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade; rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, respecto ao Estado de dereito, respecto e consideración ás vítimas do terrorismo, e prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero; visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual, todos estes contidos serán traballados polo departamento a través da selección de textos de noticias de actualidade, do visionado de breves vídeos de concienciación e tamén a través da celebración do Día da Paz (30 de xaneiro).

A creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico estará presente en todas e cada unha das actividades que o alumnado realice dentro e fóra da aula, incluíndo ademais a celebración do Día da poesía (24 de febreiro) e o Día do Libro (23 de abril).

A educación e seguridade viaria será abordada a través dunha selección axeitada de textos xornalísticos que incidan na necesidade de cumprir coa normativa cidadá para potenciar e desenvolver un espírito cívico correcto.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Ao longo do curso, os alumnos participarán en varias actividades para complementar a súa formación nas que terá unha participación especial o departamento de Lingua Castelá. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- ⑩ Conmemoración do Día da Biblioteca.
- ⑩ Conmemoración do Día da Poesía.
- ⑩ Conmemoración do Día do Libro.
- ⑩ Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.
- ⑩ Participación activa nas Xornadas Culturais que se celebrarán no centro no mes de maio (do 18 ao 20). O departamento estudará diversas posibilidades: desde obradoiros ou talleres de creación literaria, representacións teatrais, concursos de letras ou exposicións de materiais diversos.
- ⑩ Participación do alumnado en concursos literarios a nivel de centro e/ou a nivel nacional.
- ⑩ Posible saída para asistir a unha representación teatral.

## 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica poden extraerse da táboa do apartado 8.

## 16. Accións de contribución ao proxecto lector

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, **especialmente a comunicación lingüística**, o tratamento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Un dos seus obxectivos é a formación de lectores competentes e a consolidación de hábitos de lectura e escritura, pero sabemos que conseguir un **lector competente** é unha tarefa longa e dificultosa que, probablemente, supere no tempo aos cursos de ensinanza obrigatoria. De feito, será un labor que durará toda a vida, sempre e cando se manteña a actividade lectora.

É máis que evidente que a materia de Lingua Castelá e Literatura ten unha implicación directa con este proxecto, aínda que este estea deseñado para que sexan todas as materias do currículo as que se impliquen no mesmo. A súa finalidade primeira é que os alumnos descubran todas as posibilidades que a lectura e o seu espacio físico principal nun centro, a biblioteca, lles ofrecen. No caso do noso departamento a implicación é aínda máis directa posto que a Xefa do departamento pertence ao Equipo de Biblioteca.

O departamento comprométese a:

- ⑩ Usar todo tipo de textos en diferentes soportes: libros, material dixital, revistas, xornais... así como diversos tipos de textos continuos e discontinuos (científicos, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais...).
- ⑩ Traballar a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- ⑩ Traballar a comprensión lectora usando diversas estratexias antes, durante e despois da lectura:
  - ⑩ Ler detidamente os textos
  - ⑩ Facer preguntas ao alumnado para saber se comprenderon o texto
  - ⑩ Analizar o vocabulario
  - ⑩ Activar as ideas previas
  - ⑩ Relacionar o texto lido con outras experiencias
  - ⑩ Desmiuzar cada parágrafo
  - ⑩ Extraer as ideas principais
  - ⑩ Facer resumos, esquemas e mapas conceptuais
- ⑩ Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- ⑩ Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...
  - ⑩ Aprender a escoitar
  - ⑩ Traballar a entoación e vocalización
  - ⑩ Respectar as quendas de palabra
  - ⑩ Respectar as ideas dos demais
  - ⑩ Reflexionar antes de falar
  - ⑩ Expoñer as preguntas con seriedade
  - ⑩ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente
- ⑩ Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- ⑩ Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.
- ⑩ Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométese demasiadas interferencias.
- ⑩ Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

O Proxecto Lector tamén concreta no Plan Anual de Lectura os itinerarios lectores cos que se materializa ao longo do curso a actividade lectora do alumnado. A materia de Lingua castelá evidentemente obriga a unha actividade lectora constante e continua ao longo de todas as sesións co alumnado.

O tempo de dedicación diaria á actividade de lectura varía segundo os diferentes cursos: aproxímase aos 20 minutos en 3º, deixando unha marxe de variación polo que respecta á dinámica de cada sesión.

Polo que respecta as lecturas establecidas no Itinerario Lector de Lingua Castelá temos:

### Itinerario Lector

Materia: Lingua Castelá e Literatura      Departamento: Lingua Castelá

<b><i>Tipos de lecturas</i></b>	<b><i>Materiais e recursos (indicando para que nivel)</i></b>	<b><i>Espazos</i></b>
Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos	Textos tirados de xornais e revistas Artigos de opinión, crónicas, críticas literarias, cartas á dirección,...	Aula, casa
Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado). Textos literarios	Textos literarios dos autores: fragmentos escollidos, poemas, escenas teatrais, lendas, relatos Manéxanse páxinas web: <a href="http://amediavoz.com/">amediavoz.com/</a> <a href="http://www.ciudadseva.com">www.ciudadseva.com</a> <a href="http://www.epdlp.com/">www.epdlp.com/</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com">http://www.rinconcastellano.com</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com/biblio/relatos/index.html">biblio/relatos/index.html</a> Lectura e audición de poemas: <a href="http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/">http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/</a>	Aula, biblioteca
Lecturas para gozar e compartir (lectura individual e posteriores comentarios, recomendacións...) Textos literarios e informativos	Relatos de: Isabel Allende, Julio Cortázar, García Márquez, Roald Dahl, Allan Poe, Oscar Wilde, Lovecraft, Agatha Christie, Frank Kafka, entre outros.	Aula, casa
Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). Textos literarios	Lecturas obrigatorias durante o curso: 5 lecturas anuais. O alumnado selecciona libremente os títulos das lecturas entre o material bibliográfico que lle oferta e aconsella o departamento axustado ao nivel que cursa.	Casa e aula

Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...	Revista <i>Muy Interesante</i> Revista <i>Quo</i> Prensa en castelán a través de Internet	Aula, biblioteca, casa
---	---	------------------------

Forma igualmente parte do Proxecto Lector a realización de traballos adicados á conmemoración do Día do Libro, do Día da Poesía ou a diferentes escritores ou datas relevantes esixe tamén a busca de material bibliográfico diverso, ou ben a través de apoio textual ou soporte informático (uso dos ordenadores e de todo o material dispoñible da biblioteca).

## 17. Accións de contribución ao plan TIC

As novas tecnoloxías son un moderno recurso didáctico dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado. As numerosas posibilidades de aplicación e os diferentes instrumentos informáticos facilitan a súa inclusión no ámbito da ensinanza. A gran vantaxe deste novo recurso é que favorece a motivación dos alumnos xa que está presente na aula e tamén nas súas casas, razón pola que é considerado como un instrumento coñecido e utilizado, non só cunha finalidade didáctica, senón tamén lúdica.

O departamento fará uso deste recurso a través de diferentes vías:

- a) Revisión e ampliación dos contidos da páxina do departamento. O seguimento tratarase de realizar de forma semanal para que os alumnos poidan estar ao tanto de todo o que sexa relevante para a materia.
- b) Explicacións teóricas e actividades prácticas proxectadas na aula grazas ao ordenador portátil e, o canón e a pantalla.
- c) Realización de programas de radio con contidos diversos, centrados fundamentalmente no ámbito literario.
- d) Elaboración de traballos por parte do alumnado para ser expostos na aula. A súa elaboración poderá ter soporte informático.
- e) Deseño e elaboración de artigos, entrevistas e creacións literarias con soporte informático para a súa inclusión na revista do instituto por parte do alumnado.

## 18. Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal e como se recolle no *Plan de convivencia* do centro (aprobadado en xuño de 2013), todos os integrantes da comunidade educativa, neste caso o profesorado, debemos ter un compromiso especial para loitar contra todo tipo de violencia escolar mediante a prevención de actos violentos en calquera das súas modalidades. Dita prevención establécese especialmente a través de accións que favorezan a mellora do ambiente socio educativo no centro.

A aula é un dos contextos máis importantes a este nivel e cómpre desenvolver prácticas educativas que favorezan un ambiente baseado no respecto, no diálogo e na empatía, prácticas que levará a cabo este departamento a través do tratamento transversal da educación en valores. De igual modo, a intervención na resolución de conflitos, baseada na cultura da paz, no diálogo e no carácter recuperador, educador e reparador da intervención é unha tarefa igualmente decisiva

para loitar contra a violencia escolar, do mesmo xeito que é imprescindible a coordinación entre o profesorado (comunicación directa e inmediata con xefatura de estudos e a dirección do centro), coas familias, con outros organismos e asociacións cos centros adscritos.

Israel Rodríguez Gil

Xefe Dpto. Lingua Castelá e Literatura



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Curso 2015/16

Departamento de  
Lingua castelá e literatura

**Programación docente**

---

**Lingua castelá e literatura**

**4º de ESO**



# Índice

0. Contextualización
  - 0.1.Docencia de Lingua castelá e literatura de 4º de ESO
  - 0.2.Alumnado de Lingua castelá e literatura de 4º de ESO
1. Contribución da área ao logro das competencias básicas
2. Obxectivos do curso
3. Contidos. Temporalización
  - 3.1.Bloque 1. escoitar, falar e conversar
  - 3.2.Bloque 2. Ler e escribir
  - 3.3.Bloque 3. Educación literaria
  - 3.4.Bloque 4. Coñecemento da lingua
  - 3.5.Unidades didácticas para 4º de ESO
4. Criterios de avaliación
5. Mínimos esixibles para superar a materia
6. Instrumentos e procedementos de avaliación
7. Criterios de cualificación
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial
9. Plans de seguimento das materias pendentes
10. Metodoloxía
11. Materias e recursos
12. Medidas de atención á diversidade
13. Educación en valores
14. Accións de contribución ao proxecto lector
15. Accións de contribución ao Plan TIC
16. Accións de contribución ao plan de convivencia
17. Actividades complementarias e extraescolares
18. Procedemento para avaliar a propia programación

## 1. Contextualización

Esta é a programación de Lingua castelá e literatura de 4º de ESO para o curso 2015/16, que será impartida no IES Castro de Barónceli. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- Ⓢ Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO (DOG do 13 de xullo)
- Ⓢ Orde de 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da ESO (DOG do 12 de setembro)
- Ⓢ Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)
- Ⓢ Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito a que o rendemento sexa avaliado con criterios obxectivos (BOE do 20/09/95).

O IES Castro de Barónceli conta durante este curso con 130 alumnos/as e 24 docentes.

### .1.1. Docencia de Lingua castelá e literatura de 4º de ESO

Israel Rodríguez Gil (xefe do Departamento e con destino definitivo no centro) imparte a docencia de Lingua castelá e literatura no curso de 4º de ESO (3 horas semanais).

### .1.2. Alumnado de Lingua castelá e literatura de 4º de ESO

O alumnado de 4º de ESO está formado por 19 alumnos/as.

## 2. Contribución da área ao logro das competencias básicas

### Competencia en comunicación lingüística

- Ⓢ Adquisición de destrezas que permitan comprender e saber comunicarse nas diferentes situacións que se producen no ámbito social, cultural e académico, facendo uso das fontes de información e dos soportes actuais.
- Ⓢ Uso da lingua como instrumento tanto para a comunicación oral e escrita como para a aprendizaxe e regulación de condutas e emocións.

### Competencia social e cidadá

- Ⓢ Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Ⓢ Adquisición de destrezas que faciliten a comunicación cos demais e o respecto cara os saberes e referencias culturais.

### Competencia no tratamento da información dixital

- Ⓢ Coñecemento dos sistemas e o modo de operar das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Ⓢ Adquisición dos coñecementos para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información atendendo ás distintas finalidades.

### Competencia cultural e artística

- Ⓢ Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas, dándolle especial importancia á literatura.
- Ⓢ Capacitación para gozar coa lectura.

### Competencia para aprender a aprender

- Ⓢ Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Ⓢ Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Ⓢ Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.

- ⑩ Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento persoal.

### **Competencia na autonomía e iniciativa persoal**

- ⑩ Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- ⑩ Capacitación para saber transformar a información recibida en coñecemento propio.
- ⑩ Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.

## **3. Obxectivos do curso**

- ⑩ Comprender discursos orais e escritos (expositivos, argumentativos, xornalísticos -artigos de opinión, columnas, editoriais...- e textos publicitarios), resumindo e comentando o seu contido e significado e valorando os factores contextuais, a intención das mensaxes, o tipo de rexistro e a organización interna do discurso nas diferentes situacións comunicativas.
- ⑩ Producir textos orais e escritos (expositivos, argumentativos e xornalísticos -artigos de opinión, columnas, editoriais...- e textos publicitarios) empregando o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e utilizando as regras adecuadas de cohesión e coherencia textual e de corrección lingüística.
- ⑩ Analizar e interpretar os códigos dos medios de comunicación e reflexionar dun modo crítico sobre a súa incidencia na sociedade actual.
- ⑩ Utilizar a lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conduta.
- ⑩ Expresar, con correcta coherencia, cohesión e adecuación ao contexto, mensaxes escritas que se axusten de maneira axeitada ás características dos distintos tipos de texto escrito.
- ⑩ Coñecer os diferentes rexistros e os factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais e valorar a importancia de usar o rexistro adecuado segundo as circunstancias da situación comunicativa.
- ⑩ Identificar e empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral: reclamacións, solicitudes, instancias, currículum vitae, carta de presentación...
- ⑩ Realizar presentacións orais ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade que admitan diferentes puntos de vista, utilizando o apoio de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ⑩ Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analízala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- ⑩ Respetar as normas ortográficas do español na súa aplicación, entendéndose como un vía idónea para o enriquecemento cultural.
- ⑩ Valorar a importancia e a necesidade do dominio das normas ortográficas, tipográficas e gramaticais, a fluidez lectora e a progresiva adquisición do vocabulario preciso e axeitado para mellorar a capacidade comunicativa oral e escrita.
- ⑩ Valorar a lectura e a escritura como recursos fundamentais para o enriquecemento persoal, gozo estético e desenvolvemento da capacidade crítica ante determinados temas de carácter social e cultural.
- ⑩ Utilizar con autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, seleccionar, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- ⑩ Coñecer e comprender as características xerais que definen dos grandes períodos da historia da literatura desde o século XIX ata a actualidade.

- ⑩ Coñecer as obras e os autores máis representativos das literaturas hispánicas e europea desde o século XIX ata o século XXI.
- ⑩ Ler fragmentos das obras máis relevantes do panorama literario hispánico e europeo no período cronolóxico que abrangue do século XIX ata o século XXI.
- ⑩ Comprender os textos ou fragmentos seleccionados da literatura española desde o século XIX ata o XXI, utilizando os coñecementos adquiridos sobre as características de cada corrente estética, o contexto histórico, filosófico, social e cultural no que estas xorden, ademais dos temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- ⑩ Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe.
- ⑩ Compoñer textos de intención literaria seguindo como modelo os textos literarios analizados.
- ⑩ Coñecer a diversidade lingüística de España (linguas e dialectos) e reflexionar sobre a situación actual do español no mundo.
- ⑩ Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- ⑩ Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- ⑩ Recoñecer o uso coherente da correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
- ⑩ Interpretar as informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios de lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa).
- ⑩ Usar con certa autonomía os dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de textos.
- ⑩ Recoñecer as implicacións discriminatorias da linguaxe no plano social, sexual, étnico, etc., analizándoo e empregándoo criticamente en todas as prácticas discursivas.

## 4. Contidos. Temporalización

- ⑩ Presentamos primeiro os **bloques** de contidos expostos na lexislación e a súa fragmentación en **unidades**.

### .4.1. Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

- ⑩ Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación audiovisual, como debates na radio ou televisión e opinións dos oíntes.
- ⑩ Exposición da información tomada de varios medios de comunicación acerca dun tema de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e as opinións expresadas polos devanditos medios, respectando as normas que rexen a interacción oral.
- ⑩ Presentacións orais ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade que admitan diferentes puntos de vista, utilizando o apoio de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ⑩ Comprensión de presentacións, exposicións ou conferencias realizadas no ámbito académico relacionadas con contidos de diferentes materias.
- ⑩ Colaboración en actividades de aprendizaxe individuais ou compartidas, especialmente nas propostas de planificación das actividades e na presentación de informes de seguimento e avaliación das tarefas.
- ⑩ Participación en actividades de aprendizaxe compartida para fomentar estratexias de cooperación e de respecto.

⑩ Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conduta.

## **.4.2. Bloque 2. Ler e escribir.**

### **Comprensión de textos escritos**

⑩ Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como disposicións legais e folletos.

⑩ Comprensión de textos dos medios de comunicación atendendo especialmente aos xéneros de opinión, como editoriais ou columnas.

⑩ Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo fragmentos de ensaios.

⑩ Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.

⑩ Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación para fomentar unha sensibilidade crítica fronte a elas.

### **Composición de textos escritos**

⑩ Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como foros, solicitudes e instancias, reclamacións, curriculum vitae e cartas de presentación.

⑩ Composición de textos propios dos medios de comunicación como cartas ao director e artigos de opinión (editoriais e columnas), destinados a un soporte escrito ou dixital.

⑩ Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos, explicativos e argumentativos elaborados a partir da información obtida en diversas fontes e organizada mediante esquemas, mapas conceptuais e resumos, así como a elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.

⑩ Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.

⑩ Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

## **.4.3. Bloque 3. Educación literaria.**

⑩ Lectura de novelas e de relatos desde o século XIX ata a actualidade.

⑩ Recitado de poemas contemporáneos, con especial atención ás achegas do simbolismo e das vangardas á linguaxe poética, valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos no poema.

⑩ Lectura de relatos contemporáneos de diverso tipo que ofrezan distintas estruturas e voces narrativas.

⑩ Lectura dramatizada de breves pezas teatrais contemporáneas, ou de fragmentos, de carácter diverso, constatando algunhas innovacións nos temas e nas formas.

⑩ Coñecemento das características xerais dos grandes períodos da historia da literatura desde o século XIX ata a actualidade.

⑩ Achegamento a algúns autores e autoras relevantes das literaturas hispánicas e europea desde o século XIX ata a actualidade.

⑩ Composición de textos de intención literaria e elaboración de traballos sobre as lecturas dirixidas.

⑩ Utilización con certa autonomía da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.

⑩ Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

#### **.4.4. Bloque 4. Coñecemento da lingua.**

- ⑩ Coñecemento dos diferentes rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais e valoración da importancia de usar o rexistro adecuado segundo as circunstancias da situación comunicativa.
- ⑩ Coñecemento da diversidade lingüística de España (linguas e dialectos), análise dos factores que inciden na relación das linguas da nosa comunidade, e reflexión sobre a situación actual do español no mundo.
- ⑩ Recoñecemento e utilización dalgunhas formas de expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo e argumentativo e identificación e uso das variacións que adoptan as formas deícticas en relación coas situacións de comunicación.
- ⑩ Identificación e uso reflexivo de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención a conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna, favorecendo a autonomía na revisión dos propios textos.
- ⑩ Recoñecemento e uso coherente da correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado (paso de estilo directo a indirecto).
- ⑩ Recoñecemento dos esquemas semántico e sintáctico da oración, construción e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria nas actividades: enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa e paciente; oración impersonal; oración activa e oración pasiva; oración transitiva e intransitiva; complemento directo, indirecto, de réxime, circunstancial, axente e atributo; oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbais.
- ⑩ Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado e emprego dos seguintes termos: aposición; adxectivo e oración de relativo explicativos; construción de participio e de xerundio; oración coordinada (copulativa, disxuntiva, adversativa e consecutiva); subordinada causal, consecutiva, condicional e concesiva.
- ⑩ Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras, así como coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.
- ⑩ Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa).
- ⑩ Uso con certa autonomía de dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de textos.
- ⑩ Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, empregando os termos apropiados na explicación sobre o uso (sílabas tónicas, til diacrítico, etc.) e apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma lingüística.

#### **.4.5. Unidades didácticas para 4º de ESO:**

##### **UNIDADE 1**

- ⑩ A situación do español no mundo.
- ⑩ O español en Europa e nos EE.UU. O español de América.
- ⑩ España, país plurilingüe. As linguas de España. Bilingüismo e diglosia.
- ⑩ As variedades da lingua. Variedades diastráticas e diafásicas.
- ⑩ O texto e as súas propiedades. A adecuación do texto á situación comunicativa.

##### **UNIDADE 2**

- ⑩ As unidades gramaticais.
- ⑩ Os sintagmas.
- ⑩ As perífrases verbais. Tipoloxía e análise no estudo sintáctico. Diferencias entre perífrase e locución verbal.

- ⑩ A partícula “se” e a súa tipoloxía.
- ⑩ Revisión ortográfica: palabras de escritura dubidosa.
- ⑩ As regras de acentuación: ditongos, tritongos e hiatos.
- ⑩ A acentuación de palabras compostas. Casos especiais de acentuación.
- ⑩ O til diacrítico.
- ⑩ Os signos de puntuación.

### **UNIDADE 3**

- ⑩ Textos do ámbito académico: o texto publicitario. Subxectividade o obxectividade na publicidade.
- ⑩ As unidades lingüísticas: o enunciado, unidade de comunicación.
- ⑩ A oración: características e estrutura.
- ⑩ Concordancia entre suxeito e predicado.
- ⑩ Tipos de suxeitos.
- ⑩ As oracións impersoais. Tipoloxía.
- ⑩ Os fenómenos semánticos: hiperónimos e hipónimos. Campos semánticos. Eufemismos e palabras tabú.
- ⑩ Procedementos para a formación de unidades léxicas.

### **UNIDADE 4**

- ⑩ Textos do ámbito académico: a exposición.
- ⑩ As propiedades textuais: a coherencia lóxica, o tema e a progresión temática.
- ⑩ Latinismos: os seus plurais, significados e usos.
- ⑩ O predicado. Tipos de predicado. A voz activa e a voz pasiva.
- ⑩ Clasificación dos verbos: transitivos, intransitivos, regulares, irregulares e defectivos.
- ⑩ Os complementos: CD, CI, C. Circunstanciais, C. Réxime ou Suplemento, C. Predicativo e C. Axente.

### **UNIDADE 5**

- ⑩ Textos do ámbito académico: a argumentación.
- ⑩ Estrutura dun texto argumentativo: argumentos e contraargumentos.
- ⑩ Interpretación da información explícita e implícita dun texto.
- ⑩ As propiedades textuais: a cohesión lingüística e a anáfora.
- ⑩ A oración simple: estrutura e tipoloxía. Erros sintácticos. Orde dos elementos.
- ⑩ Os complementos oracionais.
- ⑩ Os conectores ou marcadores textuais.
- ⑩ O vocativo.

### **UNIDADE 6**

- ⑩ Textos do ámbito académico: o ensaio.
- ⑩ Textos da vida cotiá: a instancia e a reclamación. Estrutura e terminoloxía.
- ⑩ A oración composta.
- ⑩ A coordinación e a xustaposición.
- ⑩ Nexos coordinantes.

## UNIDADE 7

- ⑩ Textos do ámbito académico: os xéneros periodísticos de opinión.
- ⑩ A columna, o editorial e cartas ao director.
- ⑩ Textos da vida cotiá: o currículum vitae e a carta de presentación.
- ⑩ Oración composta por subordinación.
- ⑩ As subordinadas substantivas e adxectivas.
- ⑩ As subordinadas adverbiais: propias e impropias.

## UNIDADE 8

- ⑩ O Romanticismo: cronoloxía, contexto histórico, social, político, filosófico e cultural.
- ⑩ Características do Romanticismo.
- ⑩ O Romanticismo en Europa.
- ⑩ Poesía, prosa e teatro románticos en España: Espronceda, Bécquer, Rosalía de Castro, Larra e Duque de Rivas.
- ⑩ Lectura e comentario literario de poemas e fragmentos de obras románticas españolas e europeas.

## UNIDADE 9

- ⑩ O Realismo e o Naturalismo: cronoloxía, contexto histórico, social, político, filosófico e cultural.
- ⑩ Características do Realismo e confrontación co movemento literario anterior.
- ⑩ Estudo dos principais escritores e obras en Europa e en España.
- ⑩ A novela realista: características definitorias. Galdós e Clarín.
- ⑩ O Naturalismo: estudo das características diferenciadoras do movemento.
- ⑩ Lectura de fragmentos das obras máis destacadas dos autores estudados.

## UNIDADE 10

- ⑩ O século XX na literatura española. Contexto histórico, político e filosófico da primeira metade de século.
- ⑩ O Modernismo literario: característica principais. Rubén Darío, Juan Ramón Jiménez e Antonio Machado.
- ⑩ A Xeración do 98: características do grupo. Unamuno, Azorín e Pío Baroja.
- ⑩ Novecentismo e Vanguardismo literarios. Principais autores e obras.
- ⑩ A Xeración do 27. Nómina de autores e obras. A obra de García Lorca.
- ⑩ A Xeración do 36: Miguel Hernández.
- ⑩ Lectura e análise de poemas e fragmentos das obras dos autores estudados.

## UNIDADE 11

- ⑩ A literatura da posguerra: o contexto histórico.
- ⑩ A novela existencial e tremendista dos anos 40, novela social dos anos 50 e a novela experimental (1962-1975).
- ⑩ A poesía dos anos 40, a poesía social dos anos 50, a renovación poética dos 60 e os Novísimos dos anos 70.
- ⑩ O teatro de evasión e de humor dos anos 40 e o teatro comprometido (1949-1975).
- ⑩ Lectura e análise de poemas e fragmentos das obras dos autores estudados.

## UNIDADE 12



- ⑩ A literatura da democracia: contexto histórico.
- ⑩ A poesía da experiencia.
- ⑩ O microrrelato.
- ⑩ O conto: do realismo social ao realismo máxico.
- ⑩ A novela e o teatro dos últimos anos.
- ⑩ A narrativa hispanoamericana no século XX.
- ⑩ Lectura e análise de poemas e fragmentos das obras dos autores estudados.

Estas 12 unidades didácticas desenvolveranse atendendo á seguinte **temporalización**:

1º trimestre: unidades 1, 2, 8 e 9

2º trimestre: unidades 3, 4, 10 e 11

3º trimestre: unidades 5, 6, 7 e 12

## 5. Criterios de avaliación

- ⑩ Comprender a intención comunicativa, as ideas principais, os datos relevantes, as teses ou argumentos dos textos orais nos medios de comunicación ou no ámbito escolar.
- ⑩ Comprender a intención comunicativa, temas, organización da información de textos escritos nos medios de comunicación ou no ámbito públicos e vulgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados. Comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos.
- ⑩ Expoñer, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, con claridade e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- ⑩ Realizar presentacións orais claras e estruturadas sobre temas académicos, sociais, políticos, culturais coa axuda dos medios de comunicación e das TIC.
- ⑩ Expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura de obras a partir do século XIX ata a actualidade; avaliar a composición xeral e relacionar o sentido da obra e a propia experiencia.
- ⑩ Identificar e valorar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos. Propoñer outras formulacións que eliminen a discriminación detectada.
- ⑩ Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de textos breves da literatura contemporánea, relacionando fragmentos e autores co seu contexto literario e histórico; valorar as innovacións dos xéneros e as formas na literatura contemporánea.
- ⑩ Mostrar coñecemento das relacións, nas obras lidas, entre o contexto e os autores/ras cun traballo persoal de síntese ou recreación, en soporte papel ou dixital, expoñendo unha valoración persoal.
- ⑩ Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos propios.
- ⑩ Coñecer e usar a terminoloxía lingüística axeitada na reflexión sobre o uso.

## 6. Mínimos esixibles para superar a materia

É necesario acadar uns niveis mínimos xerais por parte do alumnado ben nas probas de xuño ou de setembro. Estes son os seguintes:

- ⑩ Comprensión e análise de textos propios dos medios de comunicación (textos argumentativos, xornalísticos de opinión, publicitarios) e do ámbito académico (exposicións, presentacións).
- ⑩ Composición de textos propios da vida cotiá (instancias, reclamacións, currículum vítae, carta de presentación).

- ⑩ Produción, con correcta coherencia, cohesión e adecuación ao contexto, de mensaxes escritas que se axusten de maneira axeitada ás características dos distintos tipos de texto escrito.
- ⑩ Coñecemento dos diferentes rexistros e os factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais e valoración da importancia do uso dun rexistro adecuado segundo as circunstancias da situación comunicativa.
- ⑩ Aplicación dos coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- ⑩ Recoñecemento, a través da reflexión sobre os usos discursivos, dos mecanismos da lingua, e uso da terminoloxía lingüística adecuada na explicación dos conceptos teóricos estudados.
- ⑩ Utilización coherente da correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
- ⑩ Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñen calquera tipo de discriminación para fomentar unha sensibilidade crítica fronte a elas.
- ⑩ Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios de lingua.
- ⑩ Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma lingüística.
- ⑩ Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.
- ⑩ Coñecemento e comprensión das características xerais que definen os grandes períodos da historia da literatura hispánica e europea desde o século XIX ata a actualidade.
- ⑩ Identificación e coñecemento das obras e os autores máis representativos das literaturas hispánicas e europea desde o século XIX ata a actualidade.
- ⑩ Desenvolvemento do criterio lector e elaboración de traballos escritos sobre a lectura de obras literaria.
- ⑩ Utilización da biblioteca e as tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.

## 7. Instrumentos e procedementos de avaliación

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

- *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada;
- en segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ó longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,
- e, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Seguirase a avaliación a través de varios *mecanismos*: a observación das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual. Realizaranse probas orais ou escritas, individuais ou colectivas. Terase en conta a posibilidade da *autoavaliación* e *co-avaliación* para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia.

Cómpre poñer especial coidado na *recollida de datos* que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Resultará necesario reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións (referidas aos bloques de contidos do currículo), pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral, e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas, ao mesmo nivel cós conceptos e os procedementos.

Instrumentos de avaliación:

- Ⓣ Exames teóricos escritos ou orais: realizaranse alomenos **dous exames** en cada trimestre, un con contidos de lingua e outro con contidos de literatura.
- Ⓣ Lecturas obrigatorias: será esixida a lectura de cinco obras anuais, elixidas libremente polo alumnado de entre o material bibliográfico dispoñible na Biblioteca.
- Ⓣ Traballos de expresión escrita para realizar na casa ou na aula: realizaranse **tres** en cada trimestre.
- Ⓣ Actividades de expresión oral na aula: realizarase **unha** por trimestre.
- Ⓣ Traballo diario, comportamento e actitude.

## 8. Criterios de cualificación

En cada un dos trimestres a nota final da avaliación terá en conta:

70% - Exames escritos ou orais.

10% - Traballos de expresión escrita

10% - Actividades de expresión oral

10% - Traballo diario, comportamento e actitude.

As lecturas non se califican, pero son indispensables para a obtención do aprobado.

Exames escritos:

- Realizaranse alomenos **dous** por trimestre, un para os contidos de lingua e outro para os de literatura.
- Valorarase especialmente neles o coidado das faltas de ortografía e de acentuación. Coa finalidade de fomentar a atención no alumnado neste aspecto, as faltas serán penalizadas cun desconto de **0,25 puntos cada unha** (no caso de que se repita a palabra coa mesma falta, só se penalizará unha vez).
- O uso dunha caligrafía non lexible e/ou unha incorrecta presentación nos exames escritos (marxes incorrectos, ausencia de sangrías, falta de limpeza por tachóns...) suporá **1 punto menos** na nota final do mesmo.
- Todos os exames serán puntuados de 0 a 10 puntos.
- Os exames de lingua castelá incluírán preguntas de carácter teórico (definición de termos lingüísticos, explicación de conceptos...) e exercicios de carácter práctico (similares aos realizados na aula); os exames de literatura incluírán preguntas teóricas que porán en relación os contidos explicados e previamente xa relacionados na aula. Poderán tamén incluír exercicios prácticos asociados ao comentario, análise e identificación da autoría e a cronoloxía de textos literarios.

Lecturas obrigatorias:

- Serán **cinco lecturas**.
- Serán avaliadas a través dun sinxelo control oral.
- As lecturas serán cualificadas coma APTO / NON APTO.
- Os prazos das lecturas quedarán fixadas nos primeiros días de cada trimestre, datas que deberán ser respectadas polo alumnado. No caso de que o alumno/a supere o prazo de entrega acordado, a lectura será cualificada cun NP, o que non exige de que esta sexa lida en datas posteriores.

□ As lecturas serán seleccionadas libremente polo alumnado (sempre dentro do nivel esixido no curso) e unha lectura, a última, formará parte dun listado pechado decidido pola profesora.

#### Traballos de expresión escrita:

□ Realizaranse **tres traballos** de expresión escrita por trimestre. Estarán relacionados con noticias xornalísticas, artigos de opinión, anuncios publicitarios..., que o alumnado terá que comentar, ou con textos extraídos de obras literarias que deberán ser continuados ou adaptados.

□ Serán cualificados de xeito numérico (0-10).

□ Fixarase unha data de entrega para estes, data que deberá ser respectada. No caso de que o alumno/a entregue o traballo fóra de prazo, a profesora cualificarao como NP, o que non exime de que este sexa entregado ao alumno/a corrixido.

#### Actividades de expresión oral:

□ Realizarase **unha** por trimestre. No primeiro trimestre o alumnado coñecerá a data da actividade e o tema que lle corresponde, de modo que a poderá preparar con antelación; nos seguintes trimestres non recibirá ningunha información. A exposición oral poderá estar relacionada con contidos teóricos das unidades de literatura ou coa opinión sobre temas ou noticias da actualidade.

□ Serán cualificadas coas mesmas notas establecidas para a corrección das redaccións. Será determinante a boa dicción, a fluidez, a orde e a claridade, así como a ausencia de interferencias lingüísticas co galego.

#### Traballo diario, comportamento e actitude:

□ No traballo diario inclúense os exercicios prácticos e teóricos que se realizarán na aula e na casa. Estes traballos poden ser escritos ou orais, formando parte deste últimos os debates, coloquios o prácticas de conversa que se desenvolverán na aula. Cando non sexan realizados o alumnado terá un negativo que computará como 0,25 puntos menos dentro deste apartado.

□ No referente ao comportamento, partimos da base de que o bo comportamento non se premia, xa que debe ser a norma, e o que se castiga é o mal comportamento, a excepción á norma. Entenderase por mal comportamento: as interrupcións as explicacións do docente, as chamadas de atención a un alumno/a por estar a falar cun compañeiro ou mal sentado; as faltas de respecto entre compañeiros; as faltas de respecto á profesora,...

□ Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu interese e a súa vontade e disposición para corrixir erros.

O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame (ben a través de "chuletas" ou do exame dun compañeiro) terá a avaliación suspensa. Dado que a materia ten unha avaliación continua, se esta situación se dese no terceiro trimestre, o alumno/a terá que recuperar a materia na súa totalidade en setembro.

Contéplase tamén o caso de abandono na materia sempre e cando o alumnado, de forma reiterada, non se acompañe do material preciso na aula (caderno e libro de texto), non faga as tarefas encomendadas ou presente exames en branco ou practicamente en branco. Neste caso a profesora informará ao titor/a e posteriormente poñerase en coñecemento da familia esta situación. As medidas adoptadas co alumnado que presente esta actitude serán decididas na reunión de avaliación correspondente.

Para o alumnado que teña a Lingua castelá pendente será obrigatoria a realización e presentación de traballos durante cada trimestre para obter o dereito aos exames parciais de recuperación da materia que terán lugar nos meses de xaneiro e abril. De non presentar este material, o alumnado terá dereito só á convocatoria oficial de maio.

Dado que a materia de Lingua castelá ten unha avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación da materia ao longo do curso. O alumnado terá que demostrar, a medida que avanza o curso lectivo, que mellora considerablemente as cualificacións iniciais.

## **9. Procedementos para a realización da avaliación inicial**

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- ⑩ Informes individualizados do curso anterior.
- ⑩ Cuestionarios escritos iniciais.
- ⑩ Cuestionarios orais breves ao comezo de cada aula, aproveitando que se pasa lista.
- ⑩ Proba de lectura para comprobar a fluidez.
- ⑩ Textos escritos breves sobre os textos lidos e sobre contidos que deberan estar asimilados.
- ⑩ Exame superficial do traballo no caderno individual.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- ⑩ Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- ⑩ Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- ⑩ Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial, en outubro. Discriminarase entón que elementos do proceso de ensino/aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

## 10. Plans de seguimento das materias pendentes

Neste curso 2015-16 hai tres alumnos coa Lingua castelá pendente do curso anterior. O departamento ofrece a posibilidade de facer dous exames parciais, en xaneiro e abril, para facilitar a superación da materia pendente. Para que o alumno poda optar a estes parciais debe entregar na data establecida polo profesorado as actividades escritas que previamente recibe deste e que lle permitirán preparar os contidos dos parciais. De non ser entregadas estas puntualmente, o alumnado perderá o dereito aos parciais e terá que presentarse á convocatoria oficial de maio. Só se prescindirá da convocatoria final cando o alumnado coa materia pendente supere os dous exames parciais.

O departamentoponse á disposición do alumno para aclarar posibles dúbidas con respecto aos exames de recuperación durante as horas de recreo ou no momento que o estes o consideren oportuno. O alumno recibirá toda a información necesaria sobre datas, contido dos exames e material engadido por parte do departamento a través do titor. Do mesmo xeito, os pais recibirán información por correo e a través dos boletíns que se entregan ao final de cada trimestre, onde quedará constancia do progreso do alumno na materia a recuperar.

## 11. Metodoloxía

Considerando que a finalidade global para a área de Lingua Castelá e Literatura é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas: comprender / falar e ler / escribir, todo o traballo nesta materia debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado.

A metodoloxía que imos levar a cabo caracterízase por:

- Atender ás diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo.
- Utilizar os métodos indutivo/analítico unhas veces e outras, o dedutivo/sintético, segundo sexa conveniente, ir do concreto ao xeral ou do xeral ao concreto, sempre tendo en conta as características da materia a tratar.
- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrutivo, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos discontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, formularios, follas informativas, convocatorias e anuncios, mapas semánticos, mapas conceptuais...).
- Utilizar as seguintes estratexias lectoras:

☞ Antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler).

☞ Durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto).

☞ Despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).

Para levar a cabo esta metodoloxía da lectura comprensiva necesitamos fixar un tempo mínimo diario, uns 25 minutos de media, que sempre se poden ampliar ou reducir dependendo das necesidades concretas de cada sesión de clase.

• Utilización das novas tecnoloxías das que dispón o centro: aula de informática, biblioteca informatizada, canóns de vídeo, DVDs..., así como o ordenador da aula para achegar o noso alumnado tamén desde o medio educativo aos novos tempos tecnolóxicos.

## 12. Materias e recursos

Os materiais e recursos didácticos que empregará o departamento de Lingua castelá e literatura no grupo de 4º de ESO son os seguintes:

⑩ Caderno de traballo: o alumnado terá que presentar e realizar todas as tarefas diarias (agás aquelas que teñan que ser entregadas) no seu caderno.

⑩ Fotocopias cos contidos teóricos e prácticos da materia elaborados pola profesora responsable da docencia do curso, dado que non se traballa con libro de texto. Este material é gratuíto e será posto á disposición do alumnado ao tempo que se expoñen os novos contidos.

⑩ Textos tirados de xornais e revistas como material fundamental para desenvolver múltiples actividades de lectura e de opinión, recollida de información para elaborar debates de temas actuais, análise da linguaxe dos propios medios,...

⑩ Lectura e consulta de diferentes libros de narrativa, teatro e poesía das diversas etapas da nosa literatura, ademais de traducións de obras doutras literaturas.

⑩ Lecturas obrigatorias: 5 lecturas.

⑩ Dicionarios de aula (lexicográficos, sinónimos/antónimos, etimolóxicos, dicionarios de uso...) e dicionarios en rede.

⑩ Biblioteca do instituto e biblioteca de aula, nas que contamos con moitas obras literarias e manuais de uso variados.

⑩ Recursos informáticos: ordenador de aula portátil con acceso a internet, con reprodutor DVD, canón, pantalla e equipo de son.

## 13. Medidas de atención á diversidade

O proceso de ensinanza-aprendizaxe está lonxe de ser un proceso homoxéneo, é dicir, cada alumno presenta unhas características cognitivas moi diversas. Como profesores sabemos que os ritmos de aprendizaxe son moi dispares: desde aqueles alumnos que rematan rapidamente cas tarefas, ata aqueles que precisan de máis tempo para cumprir cos mesmos obxectivos. Por este motivo, é necesario que todas as actividades estean deseñadas pensando nesta diversidade.

Neste curso 2015-16 contamos para 4º de ESO coa medida de atención de carácter ordinario, a convivencia inclusiva. Hai un alumno repetidor ó que se fará un seguimento particular.

Dentro da aula tamén se considera indispensable unha metodoloxía de seguimento á diversidade. A proposta está baseada en actividades ou técnicas deseñadas e enfocadas á repetición de explicacións; á petición de aclaracións de contidos aos alumnos para comprobar o grado de asimilación dos mesmos; á formulación de preguntas que buscan respostas rápidas; e a actividades de aula para fomentar o traballo en grupos, potenciando así a colaboración directa entre os alumnos, etc.

## 14. Educación en valores

Como medio de representación que é, a lingua reflicte a realidade do individuo e da sociedade. Por iso, a área de Lingua castelá e literatura é un espacio privilexiado para incorporar o tratamento dos temas transversais na práctica educativa.

Aínda que os temas transversais están continuamente presentes dentro da aula, o seu tratamento maniféstase especialmente de dous modos:

⑩ A través da selección de textos e o traballo con estes, posto que os textos ofrecen situacións que reflicten actitudes, valores, modos de pensar e de entender o mundo, etc.

⑩ Mediante suxestións ao profesor para que guíe as exposicións e debates orais e aproveite calquera outro elemento que permita reproducir na aula os temas, as vivencias e os valores do mundo exterior.

Aínda que todos os temas transversais están presentes no deseño do proxecto, no caso da área de Lingua castelá e literatura merecen un tratamento especial os seguintes:

⑩ *Educación para a convivencia*

O respecto á autonomía dos demais e o diálogo como modo de resolver os conflitos trabállanse especialmente ao fío dalgúns temas como o debate, o coloquio, a reclamación e tamén nalgunhas lecturas.

⑩ *Educación para a saúde*

O concepto integral da saúde como benestar físico, psíquico, individual, social e medio ambiental desenvólvese a partir de temas do programa de vocabulario, como o corpo humano, a saúde ou a enfermidade. Esta cuestión tamén está presente nas posibles lecturas.

⑩ *Educación para a paz*

Partindo da lectura de textos invitase á reflexión sobre os mecanismos das sociedades totalitarias, servindo de base para a transmisión de valores como a non-violencia, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos. Neste sentido, as actividades que se desenvolven dentro do programa de expresión oral, e moi especialmente as relacionadas con textos argumentativos, son un medio idóneo de transmisión destes contidos

⑩ *Educación do consumidor*

Temas como a publicidade, a propaganda ou as reclamacións e algunhas lecturas fomentan una actitude crítica e responsable ante o consumo e os mecanismos do mercado.

⑩ *Educación non sexista*

O tratamento deste tema transversal aparece en textos literarios e expositivos. Outro exemplo da presenza deste tema transversal é a atención cara aos usos discriminatorios da linguaxe.

⑩ *Educación ambiental*

A toma de conciencia sobre os problemas que afectan ao medio ambiente, obxectivo principal deste tema, se desenvolve a partir de textos argumentativos.

⑩ *Educación viaria*

Algúns textos periodísticos ofrecen a posibilidade de desenvolver este tema transversal na aula.

## 15. Accións de contribución ao proxecto lector

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, **especialmente a comunicación lingüística**, o tratamento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Un dos seus obxectivos é a formación de lectores competentes e a consolidación de hábitos de lectura e escritura, pero sabemos que conseguir un **lector competente** é unha tarefa longa e dificultosa que, probablemente, supere no tempo aos cursos de ensinanza obrigatoria. De feito, será un labor que durará toda a vida, sempre e cando se manteña a actividade lectora.

É máis que evidente que a materia de Lingua Castelá e Literatura ten unha implicación directa con este proxecto, aínda que este estea deseñado para que sexan todas as materias do currículo as que se impliquen no mesmo. A súa finalidade primeira é que os alumnos descubran todas as posibilidades que a lectura e o seu espazo físico principal nun centro, a biblioteca, lles ofrecen. No caso do noso departamento a implicación é aínda máis directa posto que a Xefa do departamento pertence ao Equipo de Biblioteca.

O departamento comprométese a:

- ⑩ Usar todo tipo de textos en diferentes soportes: libros, material dixital, revistas, xornais... así como diversos tipos de textos continuos e descontinuos (científicos, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais...).
- ⑩ Traballar a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- ⑩ Traballar a comprensión lectora usando diversas estratexias antes, durante e despois da lectura:
  - ⑩ Ler detidamente os textos
  - ⑩ Facer preguntas ao alumnado para saber se comprenderon o texto
  - ⑩ Analizar o vocabulario
  - ⑩ Activar as ideas previas
  - ⑩ Relacionar o texto lido con outras experiencias
  - ⑩ Desmiuzar cada parágrafo
  - ⑩ Extraer as ideas principais
  - ⑩ Facer resumos, esquemas e mapas conceptuais
- ⑩ Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- ⑩ Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...
  - ⑩ Aprender a escoitar
  - ⑩ Traballar a entoación e vocalización
  - ⑩ Respectar as quendas de palabra
  - ⑩ Respectar as ideas dos demais
  - ⑩ Reflexionar antes de falar
  - ⑩ Expoñer as preguntas con seriedade
  - ⑩ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente
- ⑩ Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- ⑩ Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.
- ⑩ Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométese demasiadas interferencias.
- ⑩ Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

O Proxecto Lector tamén concreta no Plan Anual de Lectura os itinerarios lectores cos que se materializa ao longo do curso a actividade lectora do alumnado. A materia de Lingua castelá evidentemente obriga a unha actividade lectora constante e continua ao longo de todas as sesións co alumnado.

O tempo de dedicación diaria á actividade de lectura varía segundo os diferentes cursos: aproxímase aos 25 minutos en 4º, deixando unha marxe de variación polo que respecta á dinámica de cada sesión.

Polo que respecta as lecturas establecidas no Itinerario Lector de Lingua Castelá temos:

### **Itinerario Lector**

Materia: Lingua Castelá e Literatura      Departamento: Lingua Castelá



<b><i>Tipos de lecturas</i></b>	<b><i>Materiais e recursos (indicando para que nivel)</i></b>	<b><i>Espazos</i></b>
Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos	Textos tirados de xornais e revistas Artigos de opinión, crónicas, críticas literarias, cartas á dirección,...	Aula, casa
Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado). Textos literarios	Textos literarios dos autores: fragmentos escollidos, poemas, escenas teatrais, lendas, relatos Manéxanse páxinas web: <a href="http://amediavoz.com/">amediavoz.com/</a> <a href="http://www.ciudadseva.com">www.ciudadseva.com</a> <a href="http://www.epdlp.com/">www.epdlp.com/</a> <a href="http://www.rinconcastellano.com">http://www.rinconcastellano.com</a> <a href="http://biblio/relatos/index.html">biblio/relatos/index.html</a> Lectura e audición de poemas: <a href="http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/">http://antologiapoeticamultimedia.blogspot.com.es/</a>	Aula, biblioteca
Lecturas para gozar e compartir (lectura individual e posteriores comentarios, recomendacións...) Textos literarios e informativos	Relatos de: Isabel Allende, Julio Cortázar, García Márquez, Roald Dahl, Allan Poe, Oscar Wilde, Lovecraft, Agatha Christie, Frank Kafka, entre outros.	Aula, casa
Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). Textos literarios	Lecturas obrigatorias durante o curso: 5 lecturas. O alumnado selecciona dous títulos libremente entre o material bibliográfico da Biblioteca. A última lectura do curso formará parte dun listado pechado elaborado polo profesor.	Casa e aula
Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos...	Revista <i>Muy Interesante</i> Revista <i>Quo</i> Prensa en castelán a través de Internet	Aula, biblioteca, casa

Forma igualmente parte do Proxecto Lector a realización de traballos adicados á conmemoración do Día do Libro, do Día da Poesía ou a diferentes escritores ou datas relevantes esixe tamén a busca de material bibliográfico diverso, ou ben a través de apoio textual ou soporte informático (uso dos ordenadores e de todo o material dispoñible da biblioteca).

## **16. Accións de contribución ao Plan TIC**

As novas tecnoloxías son un moderno recurso didáctico dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado. As numerosas posibilidades de aplicación e os diferentes instrumentos informáticos facilitan a súa inclusión no ámbito da ensinanza. A gran vantaxe deste novo recurso é que favorece a motivación dos alumnos xa que está presente na aula e tamén nas súas casas, razón pola que é considerado como un instrumento coñecido e utilizado, non só cunha finalidade didáctica, senón tamén lúdica.

O departamento fará uso deste recurso a través de diferentes vías:

- a) Revisión e ampliación dos contidos da páxina do departamento. O seguimento tratarase de realizar de forma semanal para que os alumnos poidan estar ao tanto de todo o que sexa relevante para a materia.

- b) Explicacións teóricas e actividades prácticas proxectadas na aula grazas ao ordenador portátil e, o canón e a pantalla.
- c) Realización de programas de radio con contidos diversos, centrados fundamentalmente no ámbito literario.
- d) Elaboración de traballos por parte do alumnado para ser expostos na aula. A súa elaboración poderá ter soporte informático.
- e) Deseño e elaboración de artigos, entrevistas e creacións literarias con soporte informático para a súa inclusión na revista do instituto por parte do alumnado.

## 17. Accións de contribución ao plan de convivencia

Tal e como se recolle no *Plan de convivencia* do centro (aprobado en xuño de 2013), todos os integrantes da comunidade educativa, neste caso o profesorado, debemos ter un compromiso especial para loitar contra todo tipo de violencia escolar mediante a prevención de actos violentos en calquera das súas modalidades. Dita prevención establécese especialmente a través de accións que favorezan a mellora do ambiente socio educativo no centro.

A aula é un dos contextos máis importantes a este nivel e cómpre desenvolver prácticas educativas que favorezan un ambiente baseado no respecto, no diálogo e na empatía, prácticas que levará a cabo este departamento a través do tratamento transversal da educación en valores. De igual modo, a intervención na resolución de conflitos, baseada na cultura da paz, no diálogo e no carácter recuperador, educador e reparador da intervención é unha tarefa igualmente decisiva para loitar contra a violencia escolar, do mesmo xeito que é imprescindible a coordinación entre o profesorado (comunicación directa e inmediata con xefatura de estudos e a dirección do centro), coas familias, con outros organismos e asociacións cos centros adscritos.

## 18. Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso, os alumnos participarán en varias actividades para complementar a súa formación nas que terá unha participación especial o departamento de Lingua Castelá. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- ⑩ Conmemoración do Día da Biblioteca.
- ⑩ Conmemoración do Día da Poesía.
- ⑩ Conmemoración do Día do Libro.
- ⑩ Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.
- ⑩ Participación activa nas Xornadas Culturais que se celebrarán no centro no mes de maio (do 18 ao 20). O departamento estudará diversas posibilidades: desde obradoiros ou talleres de creación literaria, representacións teatrais, concursos de letras ou exposicións de materiais diversos.
- ⑩ Participación do alumnado en concursos literarios a nivel de centro e/ou a nivel nacional.

## 19. Procedemento para avaliar a propia programación

Unha programación didáctica é un instrumento básico e fundamental para un desenvolvemento organizado, planificado e ordenado dunha secuencia de contidos establecida por lei para cada un dos diferentes cursos. Como obxecto organizador non debe ser entendido pola contra como un material fixo e ríxido; a heteroxeneidade do alumnado ou as posibles necesidades específicas que aparezan no contexto da aula son tan só algunhas das posibles razóns que botarían por terra dita rixidez.

A programación didáctica debe ser, por tanto, entendida como un instrumento didáctico flexible e sometido a unha análise constante ao longo do curso que asegure a súa funcionalidade. Ten que quedar claro que a labor dun profesor ou profesora non remata na avaliación do alumnado polo que respecta á asimilación de contidos, tamén se debe estender á avaliación da propia programación didáctica sobre a que se sustenta todo o proceso de ensino e aprendizaxe dos alumnos.

Os criterios que o Departamento de Lingua Castelá e Literatura empregará para determinar a funcionalidade e adecuación da súa programación didáctica son os seguintes:

- ⑩ Adecuar os obxectivos e a selección de contidos ás características do grupo de alumnos.
- ⑩ Valorar a pertinencia das actividades propostas.
- ⑩ Establecer unha correcta temporalización.
- ⑩ Favorecer unha axeitada explicación.
- ⑩ Valorar a adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- ⑩ Distribuír o espazo e o agrupamento do alumnado de xeito funcional.
- ⑩ Potenciar a participación do alumnado.
- ⑩ Establecer unha coordinación directa e continua cos profesores do mesmo grupo a través da figura do titor.
- ⑩ Determinar posibles observacións que aparezan no contexto da aula.

Todos estes criterios serán revisados e comentados nas reunións semanais do departamento. Cando se detecten dificultades ou erros na funcionalidade da programación en calquera dos seus apartados, modificaranse os mesmos atendendo sempre ao cumprimento destes criterios.

O xefe do Departamento de  
Lingua castelá e literatura

Israel Rodríguez Gil